

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA DO 31 DE MARZO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Velo Ríos, Iolanda

NON ASISTE:

Porro Martínez, María Corina

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dous minutos do día trinta e un de marzo do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten as Sras. Porro Martínez e Silva Rego. Están tamén

presentes a membro da Xunta de Goberno Local, Sra. Maure Noia e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Escoitada á Xunta de Voceiros imos proceder a unha ordenación diferente dos debates de tal xeito que nas mocións os tempos dos grupos propoñentes serán de dez minutos en primeira intervención, cinco en segunda e tres en terceira. Adicionalmente haberá tempos similares para as respostas.

Como xa se informou na Xunta de Voceiros, vai ser interpretado coa suficiente flexibilidade de tal xeito que os tempos sexan máis ben orientadores que limitativos en forma literal. Adicionalmente nalgunhas das mocións que eventualmente haxa e que poidan ter unha maior relevancia política podería facerse unha orientación dos tempos distinta, que ben pode ser acordada na Xunta de Voceiros ou mesmo aquí antes do propio Pleno.

Os efectos son exclusivamente unha norma de orientación nos tempos de utilización nas intervencións para evitaren que os Plenos se alonguen innecesariamente. Isto non significa ningunha limitación, como é natural, á capacidade de expresión, nin sequera á forma e ó mecanismo que cada un dos voceiros elixa no seu momento.

Feita esta advertencia pasamos a orde do día.

1.- (62).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 28.01.08)

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente ó Pleno que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2008.

2.- (63).- CAMBIO DE REPRESENTANTES VECIÑAIS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS E PARQUE NATURAL DAS CIENCIAS-VIGOZOO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de marzo de 2008, o voceiro do Grupo municipal Socialista comunica o cambio de representantes veciñais do devandito grupo nos organismos autónomos municipais Escola Municipal de Artes e Oficios e no Parque Municipal das Ciencias-Vigo Zoo.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Dar de baixa como representante veciñal do Grupo municipal Socialista na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios a D^a Marta Estrada Ibars, nomeando no seu lugar a D^a Isabel López Lorenzo.

Segundo.- Dar de baixa como representante veciñal do Grupo municipal Socialista no Consello do Parque Municipal das Ciencias VigoZoo a D^a Isabel López Lorenzo, nomeando no seu lugar a D^a Angeles Conde Salgado.

3.- (64).- CAMBIO DE REPRESENTANTE VECIÑAL DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de marzo de 2008, a voceira do Grupo municipal do BNG comunica o cambio de representante veciñal do devandito grupo no organismo autónomo municipal Instituto Municipal dos Deportes.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Dar de baixa como representante veciñal do Grupo municipal do BNG no Consello do Instituto Municipal dos Deportes a D. Carlos Cotobade Tombo, nomeando no seu lugar a D. Xosé Fernández Otero.

4.- (65).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Ó ANO 2007.

ANTECEDENTES.- En cumprimento da Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo deste Concello, con data 12 de marzo de 2008 o presidente do devandito Tribunal presenta ó Pleno da Corporación a seguinte memoria correspondente ó ano 2007:

MEMORIA DO ANO 2007

A Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario do 14 de xuño de 2004, dispón que "O Presidente do Tribunal, dentro do primeiro trimestre de cada ano, comparecerá ante a Comisión Informativa competente en materia de Economía e Facenda ó obxecto de presentar e expoñer unha Memoria anual das actividades do Tribunal da que se dará conta ó Pleno".

En cumprimento do disposto na devandita Disposición adicional e en base ós datos que obran nos arquivos do Tribunal, elaborouse a presente Memoria, correspondente ó ano 2007.

No referente ás reclamacións económico-administrativas presentadas ante o Tribunal o seu número ten diminuído no ano 2007, o que se debe basicamente a que se reduciu case á metade o número de reclamacións por actuacións relacionadas co proceso recadador tanto de ingresos de natureza tributaria como non tributaria (multas e sancións). Tamén ha de terse en conta que entre as reclamacións económico-administrativas presentadas no ano 2007 só unha o é como consecuencia de actuacións da Inspección de Tributos.

Ten aumentado, sen embargo, o número de resolucións do Tribunal obxecto de recurso contencioso administrativo ante os Xulgados desta xurisdición.

Na Memoria do ano pasado apuntábase a conveniencia de reducir, cando menos á

metade, a contía (10.000 euros) das reclamacións económico-administrativas do cal o seu coñecemento corresponde ós órganos unipersoais do Tribunal, para o que era necesario modificar neste senso o Regulamento do TEACV. Tal modificación non ten sido proposta, xa que se supeditaba ó que resultase da por entón previsible modificación, aínda non levada a cabo, da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que afectaría substancialmente ó Título X da devandita Lei, relativo ós municipios de gran poboación e no que se encadra o órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

DATOS ESTADÍSTICOS

1.- RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS.

A) Reclamacións	
Presentadas	235
Resoltas	189
Pendientes	128
B) Tributos e ingresos de dereito público reclamados.	
De recadación	192.
Exaccións Unificadas Industriais (EUI)	13
Imposto actividades económicas (IAE)	12
Taxa recollida do lixo vivendas	12
Outros tributos	6
C) Recursos contencioso-administrativos presentados	16

2.- DITAMES SOBRE PROXECTOS DE ORDENANZAS FISCAIS.

Cumprimentando o disposto nos artigos 137-1-b da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 2º-b do RTEACV, o Tribunal, en sesión extraordinaria e urxente do día 6 de agosto de 2007, emitiu ditame favorable ás propostas de modificación para o ano 2008 de 23 ordenanzas fiscais, que foron aprobadas polo Pleno do Concello en sesión do 5 de novembro de 2007.

3.- ESTUDOS E PROPOSTAS EN MATERIA TRIBUTARIA.

A petición do Servizo de Administración de Tributos en relación coa exención do imposto sobre construcións, instalacións e obras da Universidade de Vigo, e da Dirección de Ingresos en relación coa exención no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión de inmobles pola Zona Franca de Vigo, o Tribunal emitiu os correspondentes ditames."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de marzo, quedou enterada do contido da anterior memoria.

De todo o anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (66).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 22.02.08, APROBANDO A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2007 DA ENTIDADE LOCAL E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS E DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DE DATA 19 DO MESMO MES, DE CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2008 o interventor xeral dá conta do seguinte:

“En cumprimento do previsto no art. 193.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expedientes relativos ás liquidacións dos orzamentos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos administrativos, aprobados por resolución da Alcaldía-presidencia nas seguintes datas:

- Entidade Local, resolución do 22 de febreiro.
- Instituto Municipal dos Deportes, resolución do 13 de febreiro.
- Parque das Ciencias, VigoZoo, resolución do 21 de febreiro.
- Escola Mpal. de Artes e Oficios, resolución do 21 de febreiro.
- Xerencia Municipal de Urbanismo, resolución do 21 de febreiro.

A documentación remitida consta de nove libros, dos que cinco corresponden á liquidación da entidade local e un a cada organismo autónomo administrativo.

De conformidade co previsto no artigo 4 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de estabilidade orzamentaria, informe do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, para dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 24 de marzo de 2008, quedou informada do contido do expediente.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Parece increíble pero imos falar da liquidación presupostaria do ano 2007 e o goberno non ten nada que dicir. Xa que imos falar de contas e de números querería facer un pequeno símil; a liquidación do presuposto é algo así coma a declaración da renda. Cando un se esquece porque a do ano pasado e pensa que xa non ten que volver facela, en maio Facenda

lémbraos que a temos que facer. Así ano tras ano.

Pois é exactamente igual coa liquidación presupostaria no mes de marzo. Vostedes esqueceron este pequeno pero importante detalle cando ó chegaren ó goberno montaron a estratexia de falsidade sobre a situación das contas municipais sobre a que pivotou toda a súa estratexia política dende xuño do ano 2007.

Con este documento que traen vostedes hoxe para dar conta queda retratada a falsidade, a falta de respecto polas persoas que tiñamos responsabilidades nas contas municipais e a falta de respecto polas persoas ás que representamos, ás que primeiro de todo debemos representar con dignidade e con honestidade. Isto foi o que a vostedes faltoulles naquel intre.

Este é un documento público e na miña condición de concelleiro vou facer todo o posible para que todos os cidadáns de Vigo o coñezan e o entendan para que vexan a mentira coa que vostedes empezaron o goberno en xuño do ano 2007. Non vou parar ata que iso sexa así.

Hai algún tempo, cando xa algúns de vostedes estaban aquí, tiveron a oportunidade de me dirixir á María Jesús e a Juan como representación dos cidadáns de Vigo, dunha familia tipo. Naquel intre dicíalles que a nosa actividade en temas de economía e facenda neste Concello estaba baseada en dous principios: na eficacia e na eficiencia e no rigor presupostario.

Gracias a Deus hoxe, catro anos máis tarde e ó fío desta liquidación presupostaria que é a última do noso goberno, que fala da nosa xestión, podo presentarme aquí co orgullo do deber cumprido e co aval que me da poder dicir que a facenda municipal, como di este informe, as contas e a estrutura municipal miráronse non un pouco, senón que moi reforzadas. Logo volverei falar para M^ª Jesús e para Juan.

Agora só quero dicirlles que vendo este informe queda claro que o goberno municipal mentiulles dende o primeiro día, faltoulles ó respecto, faltoulles á súa intelixencia porque montou toda unha estratexia política baseada nunha falsidade que hoxe queda ben ás claras en entredito con este informe. Sinto dicir que o primeiro que faltou á verdade foi o Sr. Alcalde cando dixo: "O Alcalde asegura que o PP deixou as arcas municipais baleiras" e moitas cousas deste estilo.

Como se presentan hoxe vostedes con esta liquidación presupostaria diante dos cidadáns? Con que cara lle van dicir ós cidadáns que non era certa a estratexia que vostedes montaron, que a facenda municipal tivera as arcas baleiras senón que

pola contra a cidade de Vigo ten unha estrutura financeira fantástica, probablemente unha das mellores de España.

A verdade é que tampouco espero ningún xesto de dignidade pola súa banda pero si sei como llo vou explicar eu ós cidadáns. Por iso e para deixar de lado as demagoxias e as opinións persoais, a partir deste intre o que vai falar non son eu, vai ser a liquidación presupostaria asinada polo Sr. Alcalde, por certo hai mes e medio e puido traela a outro Pleno anterior a este pero quizais non lle interesaba. Para que a xente me entenda e non se enlea nestes temas de economía voulle falar só de catro cousas que son as básicas para entender a radiografía desta liquidación presupostaria.

A primeira é o resultado, a segunda os cartos que hai na caixa, a terceira o famoso remanente e a cuarta a débeda que ten este Concello.

En canto ó primeiro tema que di esta liquidación do resultado presupostario, antes de nada e para que me entendan dicir que o resultado presupostario é algo así como a conta de resultados dunha compañía, é basicamente a diferenza entre os ingresos e os gastos nun ano. A liquidación di o que segue:

O resultado presupostario é unha magnitude que enfrenta os ingresos liquidados coas obrigas recoñecidas, cos gastos, poñendo de manifesto en que medida os ingresos obtidos ó longo dun exercicio conseguiron dar cobertura ós gastos dese exercicio, presentando na liquidación que se informa e unha vez axustados valores positivos por un importe de corenta e catro millóns e medio de euros, o que supón que os dereitos recoñecidos netos, os ingresos netos, superaron ás obrigas recoñecidas, os gastos netos, nese importe.

É dicir, os recursos obtidos durante o exercicio permitiron o financiamento de todas as obrigas recoñecidas, todos os gastos recoñecidas, existindo ademais un exceso de recursos por contía equivalente ó resultado orzamentario.

Este resultado é 34,82% mellor que no ano 2006. Di unha cousa interesante: "Tamén é importante destacar que o incremento de ingresos derivados de rendementos financeiros, de intereses cobrados, dos saldos das contas, debido ó progresivo incremento do volume de fondos líquidos. Tamén é importante destacar o incremento nos ingresos derivados dos saldos das contas dispoñibles."

O segundo tema que ven nesta liquidación e é moi fácil de entender son os cartos que hai na caixa, que hai en billetes, nas contas correntes. Di a liquidación: "De

conformidade co disposto na regra 84 os fondos líquidos de Tesourería están constituídos polos saldos das contas do subgrupo 57, ascendendo os mencionados saldos á suma á data da liquidación a 85,6 millóns de euros, máis de catorce mil millóns de pesetas nas contas correntes, cun 12% máis que o reflectido no ano 2006.

O terceiro dato son os famosos remanentes. Para que me entendan os remanentes son os ingresos pendentes, menos os gastos que hai que pagar, máis os fondos que hai nas contas. Di a liquidación: "Finalmente o remanente de Tesourería para gastos xerais importa a cifra de 63,4 millóns de euros, que experimenta un incremento en relación co ano anterior de 32,43%".

Por último a débeda, canto debe este Concello. Lembran vostedes que o índice máximo legal de endebedamento é do 110%; este Concello debe neste intre 47.359.000 euros, o que significa un 21% sobre o total de recursos xestionados. Isto significa unha baixada do 28% respecto ó ano pasado e lémbrolles que no ano 2003 esta cantidade era de 108 millóns de euros, agora 47.

A liquidación fala moi claro, di que o resultado presupostario é extraordinario, 44 millóns, o 35% mellor, que o diñeiro en caixa son case 15.000 millóns de pesetas, 12% mellor, que o remanente é o 32% mellor que o ano paso e unha cantidade que nunca houbo neste Concello: sesenta e tantos millóns de euros, lembren que houbo catorce millóns de euros dunha modificación presupostaria a engadidos.

Qué fai falla que diga unha liquidación para que vostedes pidan desculpas? Se queren algo máis llo vou dicir eu e esta liquidación presupostaria. Capítulo de gastos: "A nivel de capítulo de gastos é de destacar o incremento dos gastos do capítulo II e capítulo IV. Estas variacións veñen determinadas pola actualización dos prezos dos contratos que determinaron a necesidade dunha modificación presupostaria para axustar os créditos ó presuposto prorrogado".

A modificación presupostaria non foi por razón de que a caixa non tivera cartos, foi porque había que axustar os contratos porque vimos dunha prórroga presupostaria de dous anos e os contratos non eran suficientes, non era que non houbera cartos. Ademais di que eses gastos foron pagados cos ingresos deste ano, xa lles dixen que o resultado presupostario era de corenta e catro millóns: "Esta magnitude pon de manifesto dado o valor positivo que os recursos conseguidos neste exercicio foron suficientes para financiar todas as obrigas recoñecidas, pagados ou non

pagados, producíndose un exceso de recursos xuntamente polo importe do resultado orzamentario".

Isto é o que di a liquidación e non ten volta de folla, é un documento público e eu vou encargarme de que todo o mundo o coñeza. Vostedes tiveron cartos de sobra para executar o presuposto de 2007, non con folgura senón que sobrados, pero non quixeron. Só tiñan que facer un presuposto, aínda que só fora dende o punto de vista do gasto senón eran quen de executar os investimentos, para corrixir as diferencias nos contratos ou as deficiencias nalgunha partida pero non quixeron, preferiron chegar aquí e dicir que non había cartos.

Agora explíquenlle á xente como a liquidación de 2006 dicía unha cousa positiva, a de 2007 tamén e dispón que non había cartos. Non espero de vostedes ningún exercicio de dignidade. Seguramente nalgún país por unha mentira deste calibre a un político lle pedirían a dimisión pero eu vou falar á xente e lles vou dicir o que lle tiñamos prometido nós. Dixéramoslles que íamos xestionar con eficacia e eficiencia e isto é un cadro do resultado presupostario.

Nós tivemos outro tipo de actitude, nós recibimos o resultado da liquidación no ano 2003 polo que eu felicitei ó Sr. Toba e era un resultado presupostario de 22.900.000 euros. Deixámolo con 44 millóns de euros, máis do dobre da cantidade que nós recibimos. Os fondos que había en caixa e que recibimos do Sr. Toba foron 41.300.000 euros, quedaron 85.700.000 euros.

Remanente de Tesourería: había 28 millóns e medio na liquidación do ano 2003, unha boa liquidación; 63 millóns e medio na liquidación que hoxe se presenta, dúas veces e pico máis do que recibimos. Débeda: 108 millóns de euros e quedan 47.300.000 euros de débeda. Se lembran que o diñeiro en caixa eran 41 millóns nese ano e había unha débeda de 108, había un saldo neto negativo de 60 millóns. Se agora hai 85 en caixa e débense 47, hai un saldo positivo de 40 millóns.

O índice de endebedamento era do 66% dos recursos, está nas liquidacións; agora é 21,5%, probablemente un dos mellores de calquera municipio de España, pola razón que sexa pero esa é a realidade.

Un dato que eu lle din a M^a Jesús e a Juan era que, como vigueses que son, no ano 2003 a través do seu Concello debían 361 euros e agora deben 157 euros.

Non teño máis que dicir.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non sei se empezar porque están chamando de seguido mentireira á xente ou por as petición de dimisión cando visto o visto, escoitándolles a vostedes e lendo o documento que se presenta dende o principio ata o final, os únicos que están faltando á verdade son vostedes por manipular os datos, polo tanto os que deberían dimitir son vostedes. Vou coller cada un dos temas dos catro que vostede falou: resultado presupostario, cartos, remanente e débeda.

Antes me daba a risa por es manipulación, o Sr. Guerra leu un parágrafo no que se explica por que aumentaron os ingresos e dese parágrafo que ten once liñas, vostede só leu tres e esqueceu o resto. Ese resto di que o aumento dos ingresos neste Concello non está relacionada directamente coa súa xestión senón con causas externas que son que se incrementou a participación nos tributos do Estado, foi o Estado quen dixo que Vigo merece máis cantidade de cartos e dálle a Vigo un 13% máis do que lle daba o ano pasado polo tanto ese incremento débese á participación de ingresos do Estado.

Plan concertado, plan de drogas, outras axudas autonómicas increméntanse nun 23,42%, polo tanto ese incremento correspóndese tamén á Xunta de Galicia e non á xestión directa deste Concello.

Vostede tampouco dixo, esqueceu un parágrafo máis na páxina anterior que di que outras razóns do incremento é que se trata dun orzamento prorrogado e cando é así non se pode facer actualización de ingresos e obviamente, se non estamos nunha crise económica, a economía crece e por esa inercia os propios tributos crecen.

Falaba tamén do famoso remanente e tamén esqueceu o que di na páxina anterior: que cando chegamos a este Concello en ningún momento había 70 millóns de remanente. Di o mesmo que dixen eu cando cheguei a este Concello, que o remanente estaba consumido, xa se fixeran dúas modificacións orzamentarias con consumos de remanentes e figura aquí, informada polo interventor unha modificación con consumo de 23 millóns de euros e outra de cinco millóns e medio; logo as débedas pendentes, esas famosas actualizacións de contratos que vostedes non fixeron e presentaron un famoso "plan parroquias" que non podían financiar porque non tiñan recursos, quere que lle lembre os tres millóns de euros que esqueceron que lle debían a Vitrasa? Sumando todo iso falamos de dez millóns de euros.

Fala de que hai unha serie de cartos en Tesourería; si, porque están todas as débedas sen pagar, esperemos a que se pague todo iso. Falamos de 10 millóns, máis cinco millóns, máis outros cinco que haberá que pagar. En Tesourería pode haber os cartos que vostede queira pero eses cartos son de todos os cidadáns e non se poden tocar se o Pleno deste Concello non o permite e iso foi o que pasou, o Pleno non lles permitiu a vostedes facer calquera cousa e sen embargo fixeron o que quixeron, débedas e máis débedas, nove millóns de euros de facturas que deixaron sen pagar e seguen aparecendo. Esa á a situación que nos atopamos.

Isto é o que di a liquidación por iso non sei como ten a cara de vir aquí dicírmonos que o de nós non dixemos nada. Non sei como vostede se atreve a dicir o que está a dicir cando o que di este documento é precisamente o contrario, que o remanentes están consumidos, que os aumentos de ingresos se deben ó orzamento prorrogado máis á participación dos tributos do Estado.

Podemos falar do incremento de gastos, tamén podemos falar dos dous millóns de euros que se gastaron en publicidade que tamén aparece aquí pero vostedes tamén o esquecen e moitos deses gastos quedaron sen pagar, aparecen aínda facturas de publicidade con nomes e apelidos e sen pagar.

Podería seguir así, falar da modificación orzamentaria que nos vimos obrigados facer pola situación que nos atopamos. Era tal o nivel de débedas que existía que era imposible facer un novo orzamento e facer fronte a ese nivel de endebedamento, por iso tivemos que facer esa modificación que, por certo, vostedes levantáronse e saíron deste Pleno, non se atreveron a dicir por que votaban en contra, non quixeron dar unha soa explicación de por que non estaban a favor desa modificación. Non o estaban porque era única e exclusivamente para poder pagar as súas débedas, caíalles a cara de vergoña e por iso marcharon.

Falan do endebedamento. Para que un Concello se poida endebedar ten que presentar un orzamento e no que presentaron vostedes, ese documento ó que non lle podo chamar orzamento porque estaba completamente pintado, inventado, igual que ese gráficos que acaban de presentar, propoñían un endebedamento de 20 millóns de euros. De se aprobar ese orzamento xa non podería dicir que eran os menos endebedados. Vostede dixo que pola razón que foxe; non, a razón foi que este Pleno non consentiu que se seguiran endebedando porque xa se sabía o que estaba pasando por detrás e o nivel de débedas que tiñan e aínda por riba

pretendía aumentar máis este endebedamento. O Pleno dixo que ata aquí chegamos e non o consentiu. Gracias a iso, gracias á Corporación anterior non se puideron endebedar porque así querían facer e así o propuxeron no papel que presentaron como orzamento para aprobar neste Concello.

Aquí está claro que a manipulación de datos é a que fan vostedes, que os recursos se deben a outro motivos completamente diferentes e polo tanto a quen lles debería caer a cara de vergoña é a vostedes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que as cuestión técnicas quedan claramente reflectidas na intervención da concelleira de Facenda e non me vou estender moito máis. Si me gustaría, Sr. Guerra, matizar algunhas cousas que penso que son interesantes para clarexar este debate.

Efectivamente empeza dicindo que quere que a xente se dea conta, que o entenda perfectamente. Logo de escoitar as dúas intervencións a xente pode preguntar onde está o documento e pode pensar que dun mesmo documento se quitan conclusións distintas e dispares. Por suposto que eu concordo coa que ven de expoñer a concelleira de Facenda pero a cidadanía pode preguntar a quen lle fai caso e por iso me gustaría falar dalgunhas cousas moi concretas que están aí e que son a realidade mesma.

Os nosos cidadáns non entenden moito que é iso de remanentes, liquidacións, saldo activo, pasivo, etc., pero si entenden algo moi claro concreto, entenden da súa vida diaria e do que teñen que gastar, aforrar e gañar e así é como llo hai que explicar.

Fai vostede referencia a M^a Xesús e a Xoán como unha familia tipo da que efectivamente hai catro anos vostede falaba aquí. Lémbrolle que vostede mesmo e a unha pregunta miña dixo que eran de Novas Xeracións do Partido Popular, non é unha familia calquera. Pois a M^a Xesús a Xoán hai que lles dicir unha cousa porque diso saben; eu podo gastar o que teño no meu caderno de aforros ou naquelas cuestións que teño e que podo dispoñer delas. Non podo gastar nin de herdanzas que espero recibir, nin de aquilo que eu penso que dentro duns anos eu poida recibir ou cobrar, ou porque hoxe vou botar un boleto da primitiva e penso que me pode tocar. Isto o cidadán enténdeo perfectamente, que só se pode gastar de aquilo do que podemos dispoñer.

Por suposto o cidadán tamén entende que se eu teño unha cantidade dispoñible pero debo máis que esa cantidade, claro que a podo gastar pero loxicamente a risco que dentro dun espazo de tempo me embarguen os bens que teño.

Voulle facer unha pregunta Sr. Guerra: é mentira que cando chegamos o 16 de xuño vostedes tiñan gastado absolutamente todo o seu orzamento prorrogado de 2007? É mentira que cando eu me encontro cos meus concelleiros e revisamos o estado actual do orzamento atopámonos que non tiñamos un can para gastar? Sra. Molares unha pregunta, por poñer un exemplo, é mentira que nos tiveramos que pagar o alumeado do Nadal dos anos 2005, 2006 e 2007 e por iso tivemos que facer unha modificación orzamentaria de crédito? Sr. Guerra, é mentira que se nós non chegamos facer esa modificación orzamentaria de crédito non poderíamos atender o Servizo de Atención e de Axuda a domicilio?

Isto está aí e calquera técnico do Concello sabe que cando nós chegamos a este goberno e pedimos o estado actual do orzamento de 2007 estaba todo gastado e tivemos que facer unha modificación de crédito precisamente para poder subsistir ata que tivemos o novo orzamento e lembro que é a primeira vez que un goberno trae un orzamento en prazo a este Concello.

Isto é o que realmente hai que lle explicar á xente e é o que a xente entende, todo o demais é facer duns datos o interese de cada quen.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: O que pasa é que aquí hai un problema de ética porque entre a verdade e a mentira cren que a xente queda co punto medio e a verdade é só unha.

Sr. Domínguez, propoño que collamos a liquidación, lla expliquemos e lla enviemos a todos os cidadáns e lles explicamos o que pon porque crea que o van entender moito mellor do que pensa. Logo volverei con M^a Xesús e Xoán porque por ser de Novas Xeracións son persoas absolutamente normais. Se lembra son dúas persoas que teñen dous fillos, unha hipoteca e viven na rúa Torrecedeira, como milleiros de persoas que teñen dereitos e deberes.

Vostede di que o tema técnico quedou moi claro. Repito que o tema técnico é un punto medio entre o que di unha persoa e outra e a metade é a verdade. Non señores.

Antes de nada quero dicir que non leo todo o informe en primeiro lugar pola

limitación de tempo como mencionou o Alcalde e en segundo lugar porque xa lles dixen que vou facer todo o posible para que o saiban todos os cidadáns, ofrecemento que reitero.

Sobre o tema dos ingresos imos supoñer que vostede ten razón, vostedes xestionaron a facenda municipal, nós non tiñamos nin idea; os datos do orzamento 2005 son dun orzamento non prorrogado, un orzamento como o que vostedes van ter que executar e tamén eran moito mellores que os de 2003. Eu podería falar diso pero vou supoñer que vostedes xestionan moi ben e que eu son un burro, non teño nin idea de xestión municipal. Pero o que vostedes dixeron é unha mentira, non é que houbera máis ingresos por determinada razón, dixeron sinxelamente que non había cartos e iso é falso, non criticaron a nosa xestión naquel intre.

Ademais deben lembrar que nun presuposto o que non se prorroga son os gastos; os ingresos non se prorrogan no orzamento porque se aproban nun Pleno que se chama "das taxas" e as taxas para eses ingresos presentouna esta persoa. Polo tanto se hai un incremento de ingresos que non cadra coas partidas de gasto a responsabilidade evidentemente é das persoas que presentamos as taxas. Pero é igual, aínda que non o fixeramos así vostedes o que dicían era que non había cartos e nesta liquidación van ter que poñer a sinatura do señor interventor en falso porque di que si había cartos.

Fala da débeda, di que nós presentamos un orzamento endebedado. Está presente o señor interventor e non me pode negar que nese "*documentillo*" que era un presuposto igual que o de seu estaba cadrado o incremento de débeda coa amortización do ano anterior como fixemos sempre porque non hai outro xeito do facer. Poden mentir pero por moito que se empeñen o que non van facer é arruinar a economía municipal porque hai unha serie de factores que hai que cumprir e no da débeda o que facíamos era incrementar a débeda no mesmo importe en que se amortizaba.

Remanente. Lembran vostedes un Pleno cunha modificación orzamentaria de catorce millóns de euros? Pois lembren que foi con cargo a remanentes. Logo din que aprobaron gastos que estaban sen pagar. Voulles ler esa modificación que aprobaron: suplemento de crédito para recoñecemento extraxudicial de crédito, partidas que non eran suficientes porque levabamos un presuposto prorrogado de dous anos e non esquezan que nós tiñamos dez votos. Pois esas partidas de gastos

que non se cubrían eran de tres millóns de euros. Outro crédito extraordinario para recoñecemento extraxudicial de crédito eran catro millóns de euros. Iso é o que vostedes dicían que quedaba sen pagar, catro millóns.

O resto, suplemento de crédito por déficit de contratos e Vitrasa. Nós non deixamos de pagar nada a Vitrasa, había un orzamento no 2005 prorrogado e había un incremento de gasto porque ven no propio contrato de Vitrasa. Vostedes cubrírono con cartos do orzamento en dous millóns e medio, como tivera feito calquera goberno ou nós mesmos se tivéssemos maioría. Logo vostedes incrementan para o seu propio presuposto catro millóns de euros e din que pagaron catro millóns que estaban sen pagar. Collan vostedes o presuposto de 2003 ou de 2005, no que os señores do Bloque se abstiveron, e eu podería sacar unha lista con trece millóns de débedas sen pagar.

Din que non hai cartos para facer unha modificación. ¡Pero se a fixeron vostedes!

Tesourería. Teño que repetir o que di o interventor e se queren llo leo enteiro porque o lin xa moitas veces: "Como xa se dixo neste informe esta magnitude, o resultado presupostario pon de manifesto, dado o seu valor positivo que os recursos acadados no exercicio foron quen de financiar a totalidade das obrigas recoñecidas no mesmo, pagadas e non pagadas. Por outra banda queremos deixar constancia de que segundo a información da que ten constancia esta Intervención Xeral o valor informativo da cifra, o resultado orzamentario axustado, reflicte cun alto grao de bondade respecto da realidade a execución presupostaria."

Isto vano ler os cidadán e xa me vou encargar co meu grupo de que sexa así.

Vostede di que tiñan presuposto consumido cando chegaron. A nosa obriga como goberno é executar o noso presuposto, de feito nesta liquidación se di que hai oito puntos por riba de mellora na execución de gasto. O que tiña que ter feito vostede era moi sinxelo e vostedes sabíano perfectamente. Tiñan que se poñer vostedes de acordo, vir a un Pleno e facer un novo presuposto se queren dende o punto de vista dos gasto e non dos investimentos e automaticamente todas as partidas ían cadrar porque o Sr. interventor non ía permitir poñer na partida de Vitrasa o mesmo importe que no ano 2005 porque as partidas teñen que cubrir os gastos. Nós tiñamos partidas do ano 2005.

Os señores do Bloque nin sequera querían escoitar o presuposto do ano 2005, nin sequera discutilo, o que pretendían era afogar igual que agora pretenden botarnos

a nós a culpa da súa falla de xestión. Haberían corrixido o presuposto, habería cartos e aí está a liquidación pero preferiron utilizar a demagogia e a mentira para botar a culpa ós demais. Esa era a solución e vostede sabíao, é máis, podería ter cambiado as partidas do noso goberno e ter executado as de seu.

Vostedes falan dunha modificación de créditos do plan parroquias que se lembran nola limitaron, aprobouse en xuño, o grao de execución dese presuposto de investimentos foi o 98% e aprobámolo en xuño e vostedes en xuño tiñan medo a non poderen executar os investimento e quedar cun presuposto que lles deixaba co "cu ó ar", con todo o respecto. Por iso non o fixeron e preferiron dicir que estaban as partidas gastadas.

Poderían dicir o que quixeran, criticármonos, dicírmonos que non sabíamos xestionar aínda que é difícil dicilo con esas cifras, pero o que non podían é mentir. Eu prefiro ser un burro xestionando mal que un mentireiro.

SRA. MOLARES PÉREZ: Por unha alusión concreta ó meu nome gustaríame dicirlle ó Sr. Domínguez Olveira se no departamento de Turismo había algunha débeda concreta das luces de Nadal para que me fixera esa pregunta concreta. Tamén me gustaría que o Sr. Domínguez Olveira ou a Sra. Díaz Vázquez dixeran cal era o saldo de remanente que había na concellería de Turismo a 16 de xuño do ano 2007. Coido que esa é a pregunta que me ten que facer porque a débeda das luces de Nadal non era da concellería de Turismo que eu saiba.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O Sr. Guerra logo de falar dez minutos non puido negar nin un só dos datos nin das verbas que eu acabo de dicir. Cando fixemos esa modificación orzamentaria o que estaba nos medios de comunicación e que comentaba o Partido Popular era que existía un remanente de Tesourería de 45 millóns e medios de euros e a 3 de xullo de 2007, a concellería de Economía e Facenda solicita un informe de tesourería dispoñible de remanente ó interventor xeral que informa que con data 3 de xullo o remanente dispoñible é de 19 millóns de euros; a isto había que lle restar o déficit dun millón de euros na Xerencia de Urbanismo. Existían recoñecementos extraxudiciais de crédito por valor de 4.100.000 euros, é dicir, vostedes gastaron por riba do que estaba presupostado en catro millóns de euros. Acaban do recoñecer.

Non se pode gastar por riba do presuposto, Sr. Guerra, iso é unha ilegalidade e vostedes foron o que estiveron facendo. Non podían presentar unha modificación orzamentaria como a que presentamos nós porque recoñecían que a súa xestión realmente foi un auténtico desastre porque estiveron facendo o que quixeron. Non se pode gastar sen permiso deste Pleno e vostedes fixérono, gastaron sen permiso dos cidadáns que ó final o que temos é a súa representación.

Acaban de recoñecer que vostedes presentaron unha modificación orzamentaria con remanentes de tesourería, o que vostedes chamaron plan parroquias que gracias a Deus recortaron porque nesa modificación non falaban das débedas de Vitrasa.

Si había débedas do alumeado do Nadal do ano 2005 por milleiros de euros e non só dese ano senón que de dous anos cun total de centos de milleiros de euros. O alumeado do Nadal estaba sen pagar. Pero tamén había gastos farmacéuticos, de publicidade.

Vostede non dixo nada de publicidade. É quen de negar que gastaron máis de dous millóns de euros con publicidade, algúns tamén sen partida de orzamentaria? É quen de negar que fixeron modificacións orzamentarias internas, das que non é necesario pasar por este Pleno quitando máis de cen mil euros da páxina web municipal para incrementar o gasto de publicidade? Non, porque todo o que estou a dicir é completamente certo, esta é a verdade, que en ningún momento atopamos eses 70 millóns de euros, que tal como di o informe do interventor, que non o digo eu, xa está falando de 19 millóns de euros, iso sen contar todas as débedas que nos deixaron pendentes.

O certo é que vostedes estiveron gastando moito máis do que lles estaba permitido e polo tanto son vostedes os que están continuamente mentido a este Pleno e a todos os cidadáns.

Fala de se hai cobertura para as obrigas recoñecidas; claro e aquí está o problema. Diga o que son as obrigas recoñecidas porque o cidadán da rúa non sabe o que son e por iso se lle está continuamente enganando. A obriga recoñecida é a factura legal pero vostede non fala das facturas non legais, as facturas que chegaron aquí e non temos unha partida orzamentaria á que as levar porque están gastadas sen ningún permiso máis que o do concelleiro que deu a orde.

Non se pode facer así, hai que vir ó Pleno, dicir as facturas de máis que hai, pedir

permiso e se se lle da, faise, pero vostedes non o fixeron así, nin sequera pediron ese permiso. Polo tanto quen están enganando continuamente son vostedes e por iso digo que non sei como se atreveron sequera a abrir a boca pero estamos nunha cidade libre, calquera pode falar, calquera pode pedir pero non sei como non se lles cae a cara de vergoña.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só para dicir á Sra. Molares que eu vou responder ás preguntas que vostede fixo, non como ven de facer o seu compañeiro que lle fixen tres ou catro preguntas moi claras e non respondeu a ningunha: diga se é mentira que os orzamentos estaban gastados, se eran mentira esas débedas que eu dicía que existían.

Xa que non contesta el, vouno facer eu. Efectivamente a débeda do alumeado do Nadal non estaba no orzamento da concellería de Turismo, estaba no de Electromecánicos e Vías e Obras pero, Sra. Molares, quen o xestionaba era vostede e por iso me dirixín a vostede. Se lle molesta diríxome ó anterior concelleiro de Vías e Obras porque me da igual, supoño que estaban vostedes no mesmo goberno e que non o facía Vías e Obras por un lado e Turismo por outro, pero é igual. Ó certo era que se debían 750.000 euros do alumeado do Nadal que tivemos que pagar nós.

Na concellería de Turismo o saldo era máis ou menos de 20.000 euros. Tomamos posesión en xuño e tivemos que afrontar toda a campaña do verán que coido que é a época do ano na que é máis importante o turismo.

Como vostede ve eu contéstolle ás preguntas, cousa que non fai o seu compañeiro e non o fai porque evidentemente cando pide rectificacións ós demais el non é capaz de dicir que efectivamente o tiñan gastado.

Sr. Guerra, vostede dicía que era a súa obriga executar o seu orzamento; certo, executalo mentres que mandan, non é a súa obriga executar o orzamento cando non sabían se ían ser ou non elixidos para xestionar a outra metade do ano. O que fixeron foi executar o orzamento de todo un ano en seis meses, como dicía a concelleira de Facenda precisamente para aproveitar no último tramo todos eses cartos e facer publicidade electoralista.

Sr. Guerra, vostedes fan referencia continuamente a aquel famoso Plan de Parroquias, se o recortamos ou non. Non existiu tal Plan de Parroquias e vostedes

sábena; o Plan de Parroquias era unha auténtica falacia e aqueles investimentos que se puideron realizar o foron precisamente porque a oposición, neste caso en concreto o Bloque Nacionalista Galego os introduciu.

Remato dicindo que o que me preocupa, Sr. Guerra, é que volvemos ó pasado. Este mesmo debate, con estas mesmas argumentacións, foron as que vostedes sacaron cando este goberno aprobou o actual orzamento de 2008. Voltamos ó pasado lembrando aquelas argumentacións e o único que lle pediría á oposición é que colabore con este goberno en executar este orzamento de 2008 que sen dúbida ningunha da resposta ás necesidades que ten a cidade.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sr. Domínguez, non hai máis xordo que quen non quere oír. Obviamente contesteille e díxenlle e repito que a nosa obriga é executar un presuposto ata o último día que temos de mandato e que vostede o tiña moi sinxelo. Por certo que me alegra moito que volva á lóxica e defenda o presuposto do ano 2005 que é o presuposto prorrogado co que non tiñan partidas e agora din que é o presuposto que tiñan que executar. É o presuposto que vostedes non quixeron cambiar, por tanto tamén é o presuposto que vostedes executaron como nós.

Non vou entrar no tema do Plan Parroquias porque xa tivemos moito tempo para o debater. Só quero dicir que naquel intre houbo unha modificación de crédito por 14 millóns de euros. O que quero dicir e insisto é que o seu argumento non era que nós xestionáramos mal, non é que fixésemos unha cousa ou outra; o seu argumento era que non había cartos en Caixa no Concello, que non se podía executar o que querían e iso é falso tal como di o interventor e iso é do que se trata nesta liquidación e ó que vostedes non poden dicir nada porque saben que teño razón.

Sra. concelleira, insiste no tema das ilegalidades, de catro millóns de euros que deixamos sen pagar. Para non volver ó pasado non vou repetir os 13 millóns de euros que había no seu momento pero só quero dicir que nego que entre as partidas do presuposto municipal non se podan establecer movementos porque vostede sabe que si, claro que se pode facer.

A única mensaxe que quero transmitir para que a xente me entenda é que o presuposto que había ó iniciar o ano 2007 era o presuposto prorrogado do ano

2005, polo tanto un contrato como o de Vitrasa, como o de Parques e Xardíns, como calquera outro contrato que tivera este Concello, tiña unha partida consignada dende o ano 2005 e ó haber prórroga e non haber un novo presuposto porque este goberno non tiña maioría, prodúcese un desencaixe desa cantidade. O mesmo para a partida de gastos de todo tipo que foron os que se aprobaron naquela modificación.

Esa é a verdade da cousas. Había diferencias nas partidas, claro que si, porque a partida era de 2005. O que non poden dicir e que non había cartos. Por certo, como sabe vostede que hai partidas que non coñece e xa sabe que hai máis débedas? Aquí o interventor di "pagadas e non pagadas", está todo e ademais quero lembrarlle que as cifras son extraordinarias, cantan, non quere dicir que non saibamos xestionar, que os contratos non fosen suficientes; quero dicir que o resultado é o dobre, que os cartos en caixa son o dobre, que o remanente é o dobre que cando empezou a lexislatura, que a débeda é menos da metade e iso non o poden negar por moitas voltas que queiran dar e por moita demagogia que queiran utilizar.

Non poden negar que o índice de endebedamento é menos dun terzo e fixérono ó inicio da lexislatura e coido que xa é hora de que a xente o saiba con palabras chairas e sen lle dar máis voltas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estaba pensando nun título dunha película "A gran mentira" porque o que vostede está a dicir e a realidade son completamente diferentes. Ó final admitiu que houbo modificacións orzamentarias internas para incrementar os gastos de publicidade. Iso si que é legal pero, por que non levaron esas modificacións orzamentarias a partidas coma a de Vitrasa? Por que non o fixeron para pagar todas as débedas?

O que fixeron foi incrementar única e exclusivamente os gastos de publicidade en máis de dous millóns de euros. Se quere lle lembro que eses gastos de publicidade tiveron que ser parados na campaña electoral polo Comité Electoral. Vostede iso non o di, iso é a realidade, iso é con o que nos atopamos cando chegamos. Podo repetir as cifras do que vostedes dicían e do que informou o Sr. interventor que realmente existía, iso non o poden negar.

Falaba antes de que lle van transmitir isto ó público. Por se vostede non o lembra

direille que dentro de dous meses hai que volver traer ó Pleno isto, é un documento público, con exposición pública e polo tanto todos os cidadáns van saber exactamente que é o que esta a pasar. Van coñecer cada unha das partidas que se modificou, onde foron ou onde non foron os cartos.

Nese famosa modificación orzamentaria da que vostedes non queren falar e repito que se levantaron porque lles caía a cara de vergoña, aparecen todas e cada unha das facturas e dos gastos que vostedes deixaron sen pagar e polo tanto tamén van saber exactamente que foi o que fixeron. Non fai falla que vostede ameace que lle vai dicir á xente que foi o que pasou; a xente vaino saber exactamente, para nós non é ningunha ameaza, en todo caso para vostedes.

De todo o anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal.

A SEGUIR SE PRODUCE A INTERVENCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA COA EXPOSICIÓN DOS PUNTOS 6 Ó 14 DE DENOMINACIÓN DE RÚAS

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ CARREIRA: Dentro da delegación de competencias da concellería de Cultura atópase a de levar a Pleno a proposta de nomes para novas rúas da cidade. Sendo este un tema que non se debe demorar polos trastornos que se infrinxen ós cidadáns e cidadáns que viven nesas rúas, someto dende a concellería de Cultura ó Pleno desta Corporación a proposta de novos nomes para quince rúas de Vigo. Vou tratar de facer unha exposición conxunta dos puntos 6 ó 14.

Partindo do acordo que di que, sempre que existan, se manteñan os nomes da toponimia cos que tradicionalmente se coñecen estes viais e logo das consultas efectuadas ós servizos de Estatística e de Normalización Lingüística, elevo á consideración deste Pleno os seguinte nomes:

No barrio da Pardaíña nomear rúa "As Mallas" ó vial que parte do número 34 da rúa Pardaíña. Na parroquia de Comesaña rúa "Viveiro" ó vial que comeza no camiño do Castro e remata en interior. Rúa "Paraguda" ó vial que comeza no camiño do Castro e remata no camiño de Pedra Branca.

No barrio de Lavadores rúa "O Porbelo" ó vial que comeza na rúa Santa Cristina e

remata na avenida de Ramón Nieto. Na parroquia de Cabral rúa "Leiriña" ó vial que comeza na rúa Carballa e remata en fondo; rúa "Sanguiño" ó vial que comeza na avenida do Aeroporto e remata na rúa Rabadeira; "Camiño da Peixeira" ó vial que comeza na rúa Gondarisco e remata na rúa Carballa; e "Camiño dos Enxidos" ó vial que comeza na rúa Santa Cristina e remata na rúa do Souto.

Para os casos en que non existe micro-toponimia coa que nomear ós novos viais, é costume adicalos a persoas en recoñecemento da súa labor en diferentes campos: literatura, música, ciencias ou pola súa especial adicación ó traballo por esta cidade.

Entre as rúas da nosa cidade podemos atopar na parroquia de Navia unha adicada a unha das persoas que máis tempo e traballo adicaron á nosa cidade, Antonio Nieto Figueroa coñecido por todos e todas como "Leri". Coido que podemos considerar como pouco afortunado o acordo plenario polo que se lle adicou un vial tradicionalmente coñecido como "Baixada a Samil" pois non cabe dúbida da existencia dunha toponimia tradicional que se atopaba e se atopa en pleno uso. Sendo Leri unha persoa que seguro ninguén dubida merecedora da distinción de que o seu nome pase formar parte do rueiro desta cidade para así permanecer na historia da mesma e na lembranza de todos nós, propoño que se deixe sen efecto o acordo plenario do 30 de xaneiro de 2006, recuperando a actual rúa adicada a Leri o seu nome tradicional de "Baixada a Samil" e que no PERI de Barreiro pase denominarse rúa "Antonio Nieto Figueroa, Leri" ó vial que comeza na avenida de Ramón Nieto número 351 e remata na rúa Subride número 8.

Se afondamos un pouco no rueiro desta cidade atopámonos con reflexo dunha sociedade que en ningún caso valorou a achega da muller e a historia das cidades tamén se coñece polos nomes das súas rúas. As cidades vanse conformando a través dos anos como fiel reflexo da concepción que do mundo teñen as sociedades que as foron construíndo e ata agora as mulleres nunca formaron parte desta representación, un claro exemplo de desigualdade e de discriminación de xénero.

Vigo é un claro exemplo desta realidade desigual, abonda con repasar os nomes das rúas desta cidade para comprobar que as mulleres están practicamente ausentes, a penas un 3% do rueiro desta cidade leva nome de muller. A realidade é diferente ó que a historia, unha historia case sempre escrita por homes, nos quixo

facen crer. O listado de mulleres que por méritos propios deberían ter o seu nome nunha rúa ou espazo público é realmente moi amplo.

En xullo de 2006, por iniciativa en forma de moción dos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, o Pleno desta Corporación acordou: Dar nomes de muller ás rúas de nova creación, buscando o equilibrio inexistente nestes momentos. Que o primeiro nome sexa o de Clara Campoamor e que os seguintes sexan de mulleres represaliadas no 36.

Sen dúbida a maneira de igualar as denominacións no rúeiro entre homes e mulleres contribúe a intensificar os programas de igualdade promovidos polo Concello de Vigo. Dende a adopción deste acordo plenario diversas entidades e colectivos teñen presentado propostas de nomeamentos de rúas e espazos públicos da cidade con nomes de mulleres: o colectivo Violeta, Alecrín, Vigo de Esquerda, Mulleres Nacionalistas Galegas, Comisións Obreiras, etc.

Que os primeiros nomes de rúas se adiquen a mulleres represaliadas no 36 é o recoñecemento público desta Corporación e da cidade de Vigo á memoria dun fato de mulleres en representación das moitas que loitaron, que en moitos casos pagaron coa vida, pola defensa da democracia e da legalidade establecida.

Polo exposto propoño á corporación municipal do Concello de Vigo que se inclúan no rúeiro de Vigo os seguintes nomes de mulleres que padeceron represión por razón das súas ideas políticas e sociais, nalgúns casos ata a morte, como forma de recoñecemento e homenaxe á súa contribución á causa da liberdade, de igualdade social e de xénero.

No barrio de Teis rúa "Ángela Iglesias Rebollar" ó vial que comeza na avenida de Galicia núm. 99 e remata na Baixada de Ríos núm. 10. Ángela Iglesias, veciña de Teis e simpatizante da Fronte Popular, cando o levantamento fascista comeza a axudar ós perseguidos agachándoos na súa casa do barrio do Toural. Logo dun "chivatazo" Ángela e o seu compañeiro son detidos e asasinados no monte da Guía. Na Travesía de Vigo rúa "Rosario Hernández Diéquez, A Calesa", vial coñecido actualmente como 1ª Travesía da Travesía de Vigo. Rosario Hernández é unha moza vendedora de xornais na rúa do Príncipe, simpatizante do Partido Socialista e da Fronte Popular. Contaba tan só con 16 anos cando foi detida, violada, salvaxemente mutilada e posteriormente asasinada, fondeando os seus verdugos o seu corpo baixo unha prancha de ferro preto das Illas Cíes.

Rúa "Carmen Miguel Agra", vial coñecido actualmente como 2ª Travesía da Travesía de Vigo. Carmen Miguel Agra naceu en Vigo, no barrio do Canadelo Baixo. Formou parte da "Organización de mulleres contra a guerra e o fascismo". Foi asasinada con agua fervendo cando pretendía fuxir da represión fascista no bou Eva xunto con outros compañeiros.

No PERI de Barreiro rúa "Margarita Bilbatúa Zubeldía", vial que comeza na avenida de Ramón Nieto núm. 351 e remata na rúa Subride núm. 8. Margarita, membro dunha familia masacrada nos primeiros meses da represión fascista, logra salvarse logo de vivir ás agochadas, conseguindo finalmente fuxir a Francia onde permaneceu nun campo de refuxiados.

Rúa "Urania Mella Serrano", vial que comeza na rúa Subride núm. 2 e remataría na rúa "Margarita Bilbatúa Zubeldía". Pintora e profesora de piano tras estudar na Escola de Artes e Oficios de Vigo, formou parte da directiva da "Organización de mulleres contra a guerra e o fascismo" e de "Socorro rojo internacional". Participou nas barricadas do Calvario, foi detida e condenada a morte pasando ó longo de doce anos polos cárceres de Vigo e Saturrarán en Guipúzcoa.

Na Pardaíña rúa "Mercedes Núñez Targa", vial que comeza no cruzamento das rúas Tomás Paredes con Sil e remata sen saída preto da rúa Tamuxe. Afiada das Xuventudes Socialistas e secretaria persoal de Pablo Neruda é detida e condenada a morte pasando polos penais de Betanzos e das Ventas en Madrid. Por un erro do penal quedou en liberdade logrando fuxir a Francia onde actúa coma enlace coa Resistencia durante a Segunda Guerra Mundial. Detida pola Gestapo é torturada e internada no campo de concentración de Ravensburg.

Non me cabe a menor dúbida de que esta Corporación está de acordo en render este acto de homenaxe a estas mulleres que durante moitos anos a historia oficial quixo deixar no esquecemento. Víctimas dunha salvaxe represión por cometer o único delito de ser leais ás súas ideas e a un goberno elixido democraticamente, coido son merecedoras de que esta homenaxe se faga sen fisuras e confío en que esta Corporación apoie por unanimidade esta proposta.

Co recoñecemento destas seis mulleres non pretendemos máis que realizar un acto de xustiza; con elas individualmente, pero sobre todo con todas as mulleres que loitaron contra a barbarie, para defender un sistema democrático e un goberno saído da vontade dun pobo, tal como se manifestou nas urnas e sobre todo loitaron

para tentar poñer a luz necesaria para que o noso país non se vise sumido durante máis de corenta anos nunha longa noite de pedra. Gracias.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Neste caso quixera manifestar claramente o apoio do Partido Socialista a esta proposta que fixo o concelleiro de Cultura. Non me cabe dúbida e supoño que será por unanimidade a súa aprobación. Dalgún xeito é o recoñecemento en primeiro lugar a unhas mulleres represaliadas, sen nada que motivara semellante conduta para que foran brutalmente asasinadas ou castigadas.

Consideramos que todos os presentes debemos recoñecer e dar por moi ben feita a adxudicación de diversas rúas para que no futuro non sexan esquecidas, xa que durante moitos anos ninguén se lembrou delas nin practicamente figuraban en ningunha parte, nin sequera nos libros.

Propoño, xunto co concelleiro de Cultura, que sexa aprobada por unanimidade esta proposta.

6.- (67).- DENOMINACIÓN DE RÚA CO NOME DE "ÁNGELA IGLESIAS REBOLLAR" NO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 10776/331.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o xefe do departamento de Cultura informa do que segue:

"Con data 6 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008, resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- **Angela Iglesias Rebollar**

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Normalización Lingüística informa con data 14 de xaneiro de 2008 que podería usarse o nome de "rúa da Torre" para denominar esta rúa.

O Servizo de Estatística informa con data 11 de marzo de 2008 que o nome citado

non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta, con respecto a denominación Torre xa existen dúas vías públicas na actualidade.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos da persoa que se incluírá no rueiro municipal procede de solicitudes de M^a Luz Maset Catalá en nome do Colectivo Violeta e da organización Vigo de Esquerda.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4^o que “A moción, proposta ou peticións logo de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Na mesma data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molaes Pérez,

ACÓRDASE:

Denominar rúa Ángela Iglesias Rebollar á rúa que comeza na Avda. de Galicia núm.

99 e remata na Baixada a Ríos núm. 10, en recoñecemento á loita social desta muller que a levou á morte en circunstancias tráxicas no inicio da confrontación civil.

7.- (68).- DENOMINACIÓN DE RÚAS NA ZONA DA TRAVESÍA DE VIGO COS NOMES DE "ROSARIO HERNÁNDEZ DIÉGUEZ, "A CALESA"" E "CARMEN MIGUEL AGRA". EXPTE. 10774/331.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o xefe do departamento de Cultura informa do que segue:

"Con data 6 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello del Vigo dos seguintes nomes:

- Rosario Hernández Diéguez "A calesa" á actual 1ª travesía da Travesía de Vigo
- Carmen Miguel Agra á actual 2ª travesía da Travesía de Vigo.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 13 de marzo de 2008 que os nomes citados non existen no rueiro municipal e delimita os tramos que poderían acoller as denominacións propostas.

O Servizo de Normalización Lingüística informa con data 13 de marzo de 2008 que non hai topónimos a considerar.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a "denominación no rueiro" como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos das persoas que se incluírán no rueiro municipal proceden de solicitudes de Mª Luz Maset Catalá en nome do Colectivo Violeta, da

organización Vigo de Esquerda e da organización Mulheres Nacionalistas Galegas.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que "A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)". Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras)."

Na mesma data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Denominar rúa "Rosario Hernández Diéguez, "A Calesa", á rúa que actualmente se denomina 1ª Travesía da Travesía de Vigo, e "Carmen Miguel Agra" á rúa que actualmente se denomina 2ª Travesía da Travesía de Vigo, en recoñecemento á loita social e sindical destas mulleres que as levou á morte en circunstancias trágicas no inicio da confrontación civil.

8.- (69).- DENOMINACIÓN DE RÚAS NO PERI DE BARREIRO COS NOMES DE "MARGARITA BILBATÚA ZUBELDIA" E "URANIA MELLA SERRANO". EXPTE. 10775/331.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o xefe do departamento de

Cultura informa do que segue:

"Con data 6 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello del Vigo dos seguintes nomes:

- Margarita Bilbatúa Zubeldia no PERI de Barreiro
- Urania Mella Serrano no PERI de Barreiro.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 12 de marzo de 2008 que os nomes citados non existen no rueiro municipal e delimita os tramos que poderían acoller as denominacións propostas.

O Servizo de Normalización Lingüística informa con data 13 de marzo de 2008 que os topónimos a considerar sons rúa da Granxa, rúa Leira do Bispo e rúa Costiña.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a "denominación no rueiro" como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos das persoas que se incluírán no rueiro municipal proceden de solicitudes de M^a Luz Maset Catalá en nome do Colectivo Violeta e da organización Vigo de Esquerda.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4^o que "A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)". Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras)."

Na mesma data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Denominar rúa "Urania Mella Serrano" á rúa que comeza na rúa Subride núm. 2 e remata na rúa Antonio Nieto Figueroa "Leri", e rúa "Margarita Bilbatúa Zubeldía" á rúa que comeza na Avda. de Ramón Nieto núm. 349 e remata na rúa Urania Mella Serrano, en recoñecemento á loita social e política destas mulleres que sufriron por este motivo persecución, cárcere, exilio e represión.

9.- (70).- DENOMINACIÓN DE RÚA CO NOME DE "MERCEDES NÚÑEZ TARGA" NO BARRIO DE PARDAÍÑA-ROCÍO (BOUZAS-COIA). EXPTE. 10777/331.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o xefe do departamento de Cultura informa do que segue:

"Con data 10 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- Mercedes Núñez Targa

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 11 de marzo de 2008 que o nome citado non existe no rueiro municipal e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O Servizo de Normalización Lingüística informa con data 13 de marzo de 2008 que podería usarse “o nome de “Lugar de Cruceiro” para denominar esta rúa xa que é o nome que aparece nunha das escrituras das leiras por onde hoxe pasa a rúa que se quere nomear. Tamén existe a posibilidade de denominar con este nome ao parque e a rúa co nome de Mercedes Núñez Targa.”

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos da persoa que se incluírá no rueiro municipal procede de solicitudes de M^ª Luz Maset Catalá en nome do Colectivo Violeta, da organización Vigo de Esquerda e da Unión Comarcal CC.OO. de Vigo.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4^º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Na mesma data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez, Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar rúa "Mercedes Núñez Targa" á rúa que comeza no cruzamento das rúas Tomás Paredes e Sil, e remata sen saída preto da rúa Tamuxe, en recoñecemento á loita social desta muller que sufriu o cárcere e o exilio no franquismo, o internamento nun campo de concentración e contribuíu á difusión dos crimes do nazismo para que non se repitan estes episodios na historia.

10.- (71).- DENOMINACIÓN DE RÚA CO NOME DE "AS MALLAS" NO BARRIO DE PARDAÍÑA. EXPTE. 10798/331.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o xefe do departamento de Cultura informa do que segue:

"Con data 10 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- As Mallas

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 14 de marzo de 2008 que o nome citado non existen no rueiro municipal e delimita os tramos que poderían acoller a denominación proposta.

O Servizo de Normalización Lingüística informa con data 30 de agosto de 2006 que os topónimos mais adecuados serías: "rúa das Barxas", "rúa das Mallas" e "rúa do Piñeiro Manso". En informe de data 14 de xaneiro de 2008 infórmase favorablemente sobre a rúa As Mallas.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que "A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)". Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras)."

Na mesma data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo. A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar rúa "As Mallas" á rúa que comeza na rúa Pardaíña, fronte ó núm. 34 desta rúa e remata sen saída, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e Normalización Lingüística.

11.- (72).- DENOMINACIÓN DE RÚAS COS NOMES DE "VIVEIRO" E "PARAGUDA" NA PARROQUIA DE COMESAÑA, BARRIO DE CASAS. EXPTE. 1988/234.

ANTECEDENTES.- A xefa de Estatística, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 21 de xaneiro de 2008, indica que na parroquia de Comesaña existen dúas rúas que non teñen denominación.

Con data 14 de marzo de 2008, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural informa do que segue:

"Á vista dos informes dos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística en virtude do decreto da Alcaldía do Concello de Vigo, do 5 de xullo de 2007, sobre delegación de competencias nos concelleiros, que establece na Área de Cultura e Animación Sociocultural a competencia seguinte, entre outras: "13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes"..."

Polo exposto, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar rúa "Viveiro" á rúa que comeza no camiño Castro e remata en interior, e que se denomine "Rúa da Paraguda" a rúa que comeza no camiño de Castro e remata no camiño da Pedra Branca, por ser os topónimos axeitados segundo os informe emitidos polos departamentos de estatística e Normalización Lingüística."

12.- (73).- DENOMINACIÓN DE RÚA CO NOVE DE "O PORBELO" NO BARRIO DE LAVADORES. EXPTE. 1989/234.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de xaneiro de 2008, a xefa do departamento de Estatística informa do que segue:

"A Asociación Veciñal de Lavadores, presentou neste concello cos seus antecedentes, proposta para nova denominación segundo plano que se achega, de tal xeito que un tramo da Rúa Curros, así como o tramo chamado Baixada a Curros, sexa un único vial co nome de Enrique Suárez Guntín (Doutor). Ademais, de xeito verbal, indicaron que esta persoa no seu tempo doou terreos para facer o vial, polo que existe moito interese para que non se utilice topónimo nesta rúa.

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de data 25 de outubro de 2004, que di: "Na denominación oficial das seguintes realidades xeográficas: Entidades de poboación, urbanizacións, prazas..., se preferirá sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención".

Como ademais o informe de Patrimonio Histórico que se achega, indica que nesta zona hai dous topónimos: "O Porbelo" e a Longarela", e a Rúa Longarela xa existe no "rueiro municipal", faise a seguinte proposta:

O vial que comeza na Rúa Santa Cristina e remata na Avda. de Ramón Nieto, atravesando o entroncamento da Rúa Ernesto Lecuona e a Rúa Curros, pase chamarse "Rúa O Porbelo".

Con data do 14 de marzo, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural, á vista dos informes dos Servizos de Estatística e Patrimonio Histórico

e en virtude da resolución da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007 sobre delegación de competencias, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar "Rúa O Porbelo" á rúa de comeza na rúa Santa Cristina e remata na Avda. de Ramón Nieto, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e Patrimonio Histórico.

13.- (74).- DENOMINACIÓN DE CATRO VIAIS NA PARROQUIA DE CABRAL. EXPTE. 1990/234.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de xaneiro de 2008, a xefa do departamento de Estatística, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta:

"A Asociación Veciñal de Cabral presentou neste Concello proposta para nomear varios viais da Parroquia de Cabral, e ademais, como ven sendo habitual pola súa parte, respectando os topónimos dos lugares.

Polo tanto faise a seguinte proposta:

1.- Nomear o vial da cor vermella que comeza na Rúa Carballa e remata en fondo "Rúa Leiriña".

2.- Nomear o novo vial da cor azul escura, feito por Audasa, consecuencia da construción da Autopista Rande-Puxeiros, que comeza na Avda. do Aeroporto e remata na rúa Rabadeira, como "Rúa Sanguiño".

3.- Nomear o vial da cor azul clara que comeza na rúa Gondarisco e remata na Rúa Carballa, como "Camiño da Peixeira".

4.- Como na Parroquia de Cabral, existen dous camiños chamados do Canto, aínda que un deles estea no barrio de Parada e o outro no barrio da Nogueira, esta mesma denominación induce a moita confusión a todos os efectos, polo tanto se propón nomear o vial da cor laranxa, que comeza na Avda. de Santa Cristina e remata na Rúa do Souto, "Camiño dos Enxidos".

5.- E canto á proposta da Asociación Veciñal de nomear como rúa Sobrado o vial que comeza na Avda de Santa Mariña e remata sen saída, non procede a súa denominación porque é unha corredeira e os inmobles están numerados pola Avenida de Santa Mariña."

Visto o informe citado do servizo de Estatística, así como o informe emitido polo Servizo de Normalización Lingüística de data 13 de marzo, con data 14 do mesmo mes o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Denominar "Rúa Leiriña" á rúa que comeza na rúa Carballa e remata en fondo.

Segundo.- Denominar "Rúa Sanguiño" á rúa que comeza na Avda. do Aeroporto e remata na rúa Rabadeira.

Terceiro.- Denominar "Camiño da Peixeira", á rúa que comeza na rúa Gondarisco e remata na rúa Carballa.

Cuarto.- Denominar "Camiño dos Enxidos" á rúa que comeza na Avda. de Santa Cristina e remata na rúa do Souto,

14.- (75).- DEIXAR SEN EFECTO ACORDO PLENARIO DO 30.01.06, POLO QUE SE DEU O NOME DE "ANTONIO NIETO FIGUEROA, LERI" Á BAIXADA A SAMIL, DANDO O DEVANDITO NOME A UNHA NOVA RÚA DO PERI DE

BARREIRO.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2008, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural informa do que segue:

"O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo, do 5 de xullo de 2007, de delegación de competencias nos concelleiros, establece na *Área de Cultura e Animación Sociocultural* a competencia seguinte, entre outras: *"13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.*

O Pleno da Corporación Municipal do 30 de xaneiro de 2006 acordou "nomear á vía denominada Baixada a Samil, que comeza no número 232 da rúa Redondo e remata na avenida de Samil, como rúa de "Antonio Nieto Figueroa "Leri"."

A AVCUC Emilio Crespo de Navia, con data 18 de abril de 2006, presentou escritos no Rexistro Xeral do Concello solicitando que o vial denominado Baixada a Samil continúe chamándose deste xeito e que non cambie a súa denominación pola de Antonio Nieto Figueroa "Leri". Motivan aportando diversa documentación que compre preservar o topónimo Samil con independencia da praia, xa que esta toma o nome do Barrio de Samil na parroquia de Navia.

En agosto de 2007 a citada asociación achega novo escrito polo Rexistro Xeral do Concello no que reitera a súa solicitude de recuperación do topónimo Baixada a Samil e considera que o nome de Antonio Nieto Figueroa se podería asignar a novas rúas do centro urbano de Vigo.

María del Mar Nieto Molares, filla de "Leri" tense dirixido por escrito ao grupo municipal do BNG, agradecendo os recoñecementos ao seu pai e solicitando a continuidade do actual nome da rúa (Baixada a Samil en lugar do nome do seu pai).

Solicitado informe ao Servizo de Estatística sobre posibles viais, para denominación como Antonio Nieto Figueroa "Leri" nas zonas do PAU de Navia, Avda de Europa ou Avda de Samil, infórmase que non se atoparon espazos públicos susceptibles desa denominación.

Por outra parte no PERI de Barreiro compre asignar nome a varios viais polo que se considera que un deles pode levar o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" e desta forma o nome de Leri quedaría adecuadamente fixado no rúeiro municipal."

Polo exposto o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 26 de marzo ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación municipal do 30 de xaneiro de 2006, polo que se asignaba o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" á vía denominada Baixada a Samil.

Segundo.- Que se asigne o nome Antonio Nieto Figueroa "Leri" á nova rúa do PERI-Barreiro que comeza na Avda. Ramón Nieto nº 351 e remata na rúa Subride nº 8.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

15.- (76).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A SINATURA DUN CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DA PYME PARA A CONSTITUCIÓN DE EMPRESAS POR INTERNET.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"Coa aparición da "Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE)" é posible realizar os trámites de constitución e posta en marcha dunha empresa por medios telemáticos, evitando así desprazamentos ó emprendedor e producindo un aforro substancial de tempos e custos. Esta posibilidade tense estendido recentemente ás Sociedades de Responsabilidade Limitada.

Para isto o emprendedor debe dirixirse ós Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) nos que se lle informa de todo o relacionado coa definición do seu proxecto empresarial e se lle permite iniciar os trámites por medios

telemáticos.

As súas vantaxes son evidentes xa que a través de internet, nestes puntos pódese crear o Documento Único Electrónico (DUE) que substitúe a un bo número de impresos que habería que cubrir se se opta pola tramitación presencial, aforrando tempo e desprazamentos innecesarios ós distintos organismos competentes.

Esta filosofía de traballo entendemos que debe coincidir coa do Servizo de Asesoramento a Emprendedores/as (SAE) por isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación Municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a solicitar á Dirección Xeral de Política da PYME (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio), a sinatura dun convenio que permita ó SAE constituír empresas por internet".

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Antes de comezar a moción gustárame dar a en hora boa ó deputado número 270 do Congreso, o meu compañeiro e amigo Javier Guerra, que estou seguro que nos vai representar moi ben en Madrid, tal e como o estivo a facer aquí durante estes últimos anos. Tamén quería estender esta felicitación á D^a Corina Porro e a D^a Carmen Silva que tamén van axudar a que Vigo se faga máis visible en Madrid.

A seguir o Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Efectivamente hoxe temos unha grande oportunidade coas novas tecnoloxías para poder axilizar todos aqueles trámites que afecten ós cidadáns, neste caso a todos os emprendedores ou emprendedoras que desexen iniciar os trámites para a constitución da súa empresa.

Neste sentido tamén hai que dicir que o SAE está cumprindo unha función moi importante e tampouco debemos esquecer a atención persoal nos primeiros contactos, que poidan asesorarse directamente con persoas físicas e non só a través da rede.

Unha vez feito isto ou para aqueles que prefiran facelo doutro xeito, entendemos que é interesante esta proposta que fan. Tanto é así que nós estamos traballando

nela, os trámites son bastantes sinxelos, a posibilidade do convenio está outorgada ás administracións públicas, como vostede sabe tamén se ampliou a que puideran facer outro tipo de asociacións como Cámaras de Comercio, que no caso da nosa cidade xa o ten a Cámara de Comercio e algunha asociación empresarial, polo tanto esta moción incide un pouco no que estamos a facer.

Tamén incide no que nós entendemos que debe ser unha plataforma do servizo de asesoramento a emprendedores, que sexa un recurso vivo, dinámico e que estea nun constante cambio, sobre todo introducindo de xeito periódico novos contidos e aplicacións para desta maneira poder achegar a todos os que queiran constituír a súa empresa todos os trámites e recursos necesarios para que poida emprender, no asesoramento e na propia prestación de servizos a través desa plataforma.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Maxinaba que o voto, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego sería favorable como non pode ser doutro xeito. É moi certo que a solicitude deste convenio e case automática, moi sinxela, non hai máis que chamar por teléfono ou enviar un correo electrónico, cubrir uns formularios e se a entidade que o solicita ten que ver co asesoramento a emprendedores como está a facer o SAE, non ten máis que o solicitar para que veñan do Ministerio a instalar a plataforma telemática para que sexa posible constituír sociedade limitadas e sociedades limitadas nova empresa por Internet.

Ademais incide no programa do Partido Socialista para o Congreso que dicía que se propoñían ampliar a rede de puntos de asesoramento e inicio da tramitación. O mércores falei coa DGPyme e aínda non tiveran ningunha solicitude por parte do Concello, pensaba que como era tan sinxelo solicitalo, igual entre o día que se presentou a moción e a data do Pleno ó mellor xa se precipitara.

Alégrame e valoramos moito o traballo que está a facer o Servizo de Asesoramento a Emprendedores do Concello. Non esquezamos que a creación de empresa é unha fonte moi importante de creación de emprego e riqueza. Unha das tarefas que ten encomendadas esta concellería, que a verdade é que non se prodigou moito dende que tomamos posesión. O Servizo de Asesoramento a Emprendedores agora mesmo conta con tan só dúas persoas, se se chama por teléfono é difícil que atendan a chamada, dan cita con quince ou vinte días de atraso.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, céntrese no tema, por favor. A proposta di "Instar á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a solicitar á Dirección Xeral de Política da PYME (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio), a sinatura dun convenio que permita ó SAE constituír empresas por internet", polo tanto trate de se centrar na cuestión.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Máis que nada é un rogo e non unha crítica porque o que pretendemos é que haxa persoas, instrumentos cos que houbo ata o de agora para atender ós emprendedores que queira crear o seu propio posto de traballo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Tampouco se trata, como parece que tiña a intención o Sr. Fidalgo, de aproveitar a moción para falar un pouco de todo. En todo caso imos votar a favor desta moción, é un tema que xa lle digo que para o poder facer levámolo dentro dunha plataforma do Servizo de Asesoramento a Emprendedores máis ampla e imos ter mellor servizo telemático a través dese servizo.

Só dicirille que o decreto que marca a referencia da que vostede fala é de xuño de 2003 e hai unha lei anterior de 1995 onde se posibilita a creación de sociedades de responsabilidade limitada e vostedes, no transcurso deste tempo en que tiveron o goberno da cidade e que xa tiñan o servizo de asesoramento a emprendedores, non o fixeron. Nós si o imos facer e agradézolle o recordatorio que fan nesta moción.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Si é certo que o decreto que posibilitou a sociedade limitada a nova empresa, é unha sociedade que polas súas características, principalmente a denominación social en que se ten que poñer os apelidos e o nome dun dos emprendedores, non foi moi utilizada, a partir de xuño de 2007 se poden crear sociedades telemáticas pero limitadas normais, as que todo o mundo coñecemos.

Coido que é neste intre cando dende o Concello é interesante que teñamos este servizo pois evitaría moitos desprazamentos e custos innecesarios.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Miguel Fidalgo Iglesias, instando á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a solicitar á Dirección Xeral de Política da PYME (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio), a sinatura dun convenio que permita ó SAE constituír empresas por internet".

16.- (77).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE TRÁFICO NA RÚA MESTRE MATEO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Coñecedores dos cambios de circulación que con motivo da apertura do Centro Comercial A Laxe se están a facer no seu contorno, propoñemos unha demanda de tráfico que para os veciños e comerciantes do Casco Vello podería representar unha maior comodidade para os usuarios, así como unha maior fluidez da circulación.

A rúa Teófilo Llorente, que empeza na rotonda do Berbés e remata na rúa Mestre Mateo, resulta un vial de servizo utilizado principalmente polos comerciantes do mercado do Berbés, os do mercado da Pedra, e os restaurantes da zona das ostreiras, entre outros.

Ante este uso do vial, que no remate da baixada da rúa Mestre Mateo obriga a facer o xiro á dereita para se encamiñar á rúa Carral, consideramos que, previo estudio dos técnicos de tráfico, poderíase valorar a posibilidade de facer tamén o xiro á esquerda, de maneira que os vehículos poidan volver circular dirección Berbés por Cánovas del Castillo coa instalación dun semáforo. Temos que ter en conta que a zona xa está regulada por semáforos polo que a alternativa proposta non debería representar grandes problemas.

Esta medida permitiría; por unha banda liberar de tráfico as rúas Carral, Victoria e García Olloqui, e pola outra permitir o retorno á zona do Berbés e Beiramar a todos os vehículos, tanto de transporte de mercadorías como de particulares que pretendan evitar as rúas do centro da cidade.

Recordemos tamén que xa no seu momento e precisamente para non ter que facer este mesmo percorrido, se adoptou a medida de permitir o xiro a esquerda para que os vehículos que, circulando Cánovas del Castillo dirección Carral, accedesen

ao aparcadoiro robotizado da Zona Franca.

Tendo en conta que coa apertura recente do centro comercial A Laxe as rúas do centro de Vigo como Carral, Marqués de Valladares e outras incrementaron considerablemente o tráfico rodado, temos que adoptar medidas nas inmediacións que faciliten aos condutores outras alternativas para liberar o tráfico.

Por todo isto consideramos que a proposta exposta podería ser unha medida que aportase maior fluidez as rúas do centro.

Así pois trasladamos ao Pleno da Corporación a aceptación da presente moción:

Instar o Departamento de Tráfico a estudar a posible mellora da saída do tráfico rodado da rúa Mestre Mateo, permitindo mediante semáforo o xiro a esquerda”.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Con satisfacción mirei a primeiras horas da mañá que na rúa Mestre Mateo na que na nosa moción pedíamos que se mellorara a situación do tráfico en canto rematou e estivo executado o proxecto de A Laxe, en consecuencia pediría ó Sr. Alcalde que non se someta a votación esta moción porque está funcionando un paso con semáforo o que mellorará no contorno a seguridade de toda a zona.

Isto significa que as mocións, cando se presentan no momento político oportuno, teñen a súa razón de ser e en definitiva é o labor de control do goberno e tamén a mellora para os nosos cidadáns que son que nos poñen e nos quitan.

A PRESIDENCIA: Entendo que a moción está retirada pero como houbo unha intervención darei tamén a palabra ó goberno.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Recoñecendo outra volta o bo ton do Sr. Coello, o que en todo caso me deixa un pouco perplexo é a última parte da súa intervención porque o goberno reuniu á asociación de veciños do Casco Vello, á Asociación de comerciantes do Casco Vello, á Asociación de Vendedores do Mercado do Berbés, precisamente antes de que o Grupo Popular presentara esta moción, para tratar moitos temas mesmo de maior interese que este xiro á esquerda con instalación do semáforo na rúa Mestre Mateo, aínda que obviamente vai contribuír a unha mellora

do tráfico na zona e sobre todo a facilitar que os vehículos non teñan que ir cara o centro senón que poidan xirar á esquerda cara o Berbés.

Fíxoo antes de que vostede presentara a moción o que quere dicir que en todo caso a labor de control do Grupo Popular ten algún escape, eu diría que moitos porque este traballo se publicou en todos os medios de comunicación, por suposto nos medios informativos se lle deu máis importancia á decisión de peonalizar a rúa Teófilo Llorente como primeiro paso, porque o tema vai ser moito máis ambicioso, vai consistir nunha humanización total desa rúa que permitiría incorporala a ese complexo turístico, comercial e de lecer que é toda a zona das ostras, mercado da Pedra, mercado do Berbés e tomamos a decisión de peonalizala xa, permitindo exclusivamente a carga e descarga para o mercado do Berbés e por suposto o uso por parte dos residentes, mesmo o aparcadoiro mentres non se faga esa humanización definitiva.

Pero outra das medidas propostas por este goberno que ademais se anunciaba que se ía facer de inmediato, era instalar ese semáforo que permitira o xiro á esquerda na rúa Cánovas del Castillo.

Lamentablemente parece que non len os medios de comunicación, que non teñen ese seguimento do labor do goberno que en todo caso deberían ter en moitos máis temas que precisamente non se ven. Coido que isto responde ademais a unha especie de planificación por parte do Grupo Popular de presentar mocións ó peso, en cantidade, sen estudar seriamente cal é o labor do goberno porque pedir unha cousa que xa está realizada parece dun control do goberno bastante escaso.

Polo demais obviamente apoiar esa retirada porque non ten sentido votar algo que xa está realizado e en funcionamento.

SR. COELLO BUFILL: Non quería polemizar Sr. Calviño, síntoo moito. Esta mañá, tal como dixen en primeiro lugar, mirei con satisfacción que estaba posto un semáforo na zona como se pedía. Vostede non ten por que o saber pero ó non ter a dedicación exclusiva neste Concello, o meu posto de traballo está a cincuenta pasos, como é a Inspección de Traballo. Aí hai persoas que coñezo dende hai moito tempo e hai un representante de UXT que me entregou este documento, antes de que eu tivera calquera noticia de que saíra na prensa. Non vou dicir quen é esta persoa pero ó rematar ó Pleno pódollo amosar persoalmente e leva data de

presentación no Rexistro do 05.03.08; entregoumo persoalmente porque teño moi boa relación con moitos colectivos, entre eles este representante sindical. Díxome literalmente: "Antonio por favor, se podes te agradecería que presentaras unha moción no Concello de Vigo". Díxenlle que non se preocupara, que me parecía unha cousa razoable e que o presentaría.

Eu sempre vou con boa fe pero vostede parece que non, cando me mire a min manteña a mirada. Estou aquí porque creo facer un servizo ós cidadáns e porque mo pediu a miña xefa de grupo e nestes momentos non teño responsabilidades de goberno que as ten vostede e ogallá acerte nesas responsabilidade.

Dicirme a min que non me decato, non é así, vostede está faltando ó sentido común e non lle quero chamar nada pero entregareillo a vostede ou ó Sr. alcalde á saída. É un bo representante de UXT, que se preocupa pola zona e vostede teno que coñecer igual que o coñezo eu, foi quen mo entregou.

Mire vostede o interese que tiña eu de me apuntar unha medalla neste caso. Perdoe que me altere pero a realidade é así e síntoo se as miñas palabras están ditas máis co sentimento que co raciocinio dunha mente fría. De verdade que lle felicito a vostede polo que fixo, eu tamén o tivera feito.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non dubido en absoluto da súa boa fe, é máis, lle aplaudo, pero o que tamén temos que salientar é que está vostede un pouco despistado porque non o digo só por vostede, senón porque é todo un grupo municipal que supoño que lerá os xornais e poderá ver como antes de que vostede presente a moción está recollido en todos os xornais que iso se ía facer de inmediato, ademais cunha información moito máis ampla.

O único que lle indico, á parte de que foi un bo exemplo de como se fan as mocións por parte do Grupo Popular e así pode ser que rematemos ás catro da tarde todos os Plenos da Corporación, que obviamente é inevitable dicirlle que chegou vostede un pouco tarde e hai que facer un seguimento dos labores de goberno precisamente para poder presentar mocións que non estean absolutamente fóra de tempo.

SR. COELLO BUFILL: Só dicir que parece mentira Sr. Calviño, porque entre vostede e máis eu, á marxe das discrepancias políticas e de fondo que temos, tiñamos que

ter unha magnífica sintonía porque está en xogo a seguridade dos cidadáns e iso na oposición e en vostedes é un valor intanxible.

Estou á súa disposición pero de cando en vez boto en falta que soe o teléfono e que, para temas de seguridade, vostedes non faga unha chamada á persoa que lle fala porque estou á súa disposición para mellorar a calidade e a seguridade de vida dos nosos concidadáns. Isto fíxeno porque mo pediron e como vostede sabe a sistemática das mocións levan un procedemento, se confeccionara con anterioridade e levouse á comisión correspondente.

Non lle vou convencer, Sr. Calviño. As palabras aí quedan e nada máis. Moitas gracias.

Este punto retírase da orde do día a petición do Concelleiro que formulou a moción, don Antonio Coello Bufill.

17.- (78).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE MELLORAS DE BEIRARRÚAS NO BARRIO DE TEIS, NAS RÚAS SANTA TEGRA E DEVESA DE SANTA TEGRA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Dende hai aproximadamente algo máis dun ano a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de "Mellora de beirarrúas nas rúas Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra na cidade de Vigo" cun orzamento de trescentos oitenta e oito mil setecentos vinteseite euros con sesenta e nove céntimos.

Naquelas datas foron os veciños da zona mencionada do barrio de Teis os que insistiron en demandar do Concello esta intervención urbana para mellorar o seu contorno. En visita posterior dos técnicos municipais, comprobaron o lamentable estado das mencionadas beirarrúas, o que levou ao Goberno a levar adiante os trámites necesarios para poder actuar.

A actuación ten previsto unha intervención integral que abrangue a construción de novas beirarrúas con espazos para aparcadoiro, reposición do firme do vial, novos puntos de alumeadado e sinalización vertical e horizontal.

Temos comprobado que na actualidade non hai ningunha intención de proceder a intervir segundo o proxecto que se atopa no departamento correspondente, polo que consideramos que o Goberno debería sensibilizarse tamén coas zonas menos atendidas por pequenas que sexan e satisfacer as peticións dos veciños cando son xustas e cando, ademais, o Concello xa iniciara o trámite para poder executar a obra.

Xa que logo os orzamentos municipais do presente exercicio están aprobados, non existe escusa ningunha para non atender á xusta petición dos veciños de Teis, a non ser que o que non haxa sexa vontade política de dar cumprida resposta.

Por todo isto, consideramos que o maltreito estado das beirarrúas de Santa Tegra, necesitan unha urxente intervención polo que:

“O pleno do Concello insta ao Goberno Municipal a acometer o proxecto de mellora de beirarrúas nas rúas Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra no barrio de Teis”.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Trátase de arrambar a zona de Santa Tegra, dotala de abastecemento, saneamento, alumeadado, novas beirarrúas e máis o pavimento. O Grupo Popular insta ó goberno a realizar esas obras no contorno de Teis de seren posibles.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Recollendo o que dixo o Sr. Fidalgo, permítame en primeiro lugar felicitar ós nosos tres representantes tanto no Parlamento como no Senado pero cunha matización. Vai a miña felicitación para o Sr. Guerra e para a Sra. Porro pero aproveito para lle lembrar a alguén, especialmente ó Sr. Figueroa, que nun momento determinado dubidaba dos méritos da Sra. Silva para ser concelleira de Urbanismo.

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, non procede a súa intervención. Atéñase ó punto da orde do día. Queda constancia da súa felicitación.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Só dicir que os cidadáns o tiñan moi claro. Centrándome na moción, sempre lle teño que dar as grazas ó Sr. Comesaña pero agora estou especialmente contenta porque logo da intervención do Sr. Guerra doume de conta de que os enganados foron terribles porque o 11 de decembro do

ano 2006 aprobaron na Xunta de Goberno, teño aquí a certificación: "Aprobación técnica do proxecto de mellora de beirarrúas nas rúas Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra da cidade de Vigo por valor de 388.727,69 €. Expte. 311/433"

Parece que iso xa se ía facer. O que non saben é a diferenza entre un orzamento e un proxecto e facer unha valoración. Fan centos de valoracións pero non meten ningunha nos orzamentos.

Diranme que non tiñan orzamento aprobado, que estaban cunha prórroga, pero nesa prórroga podían meter vostedes esa obra se era tan urxente no canto de meter os temas de publicidade. Nós si temos un orzamento aprobado e un programa para a reparación de beirarrúas. O que non fixeron vostedes farémolo nós.

Cando o Sr. Guerra estaba falando de que tiñan tantos cartos e lles quedaban tantos remanentes que cando un ve estas actuacións pregúntase por qué non as fixeron, por que non executaron estas obras, deixáronas sen facer e agora nos piden que as fagamos nós, que por certo, as imos facer.

Eu de números sei pouco pero si entendo algo. Non actualizaron o IPC dos contratos das concesionarias.

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, a moción di "O pleno do Concello insta ao Goberno Municipal a acometer o proxecto de mellora de beirarrúas nas rúas Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra no barrio de Teis", por favor céntrese neste tema.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: É difícil pero podo facelo. Puidérono facer, confunden un orzamento cun proxecto, tiveron todo o ano 2007 para o facer porque o aprobaron en decembro. Nós si levamos un proxecto de arranxo e reparación de beirarrúas e ímolo facer por iso imos votar que si.

SR. COMESAÑA ABALDE: Sra. Abelairas, ben sabe que vostede e máis eu estamos condenados a nos entender polo ben dos veciños. O que eu lle prometín ós veciños cando fun a Santa Tegra, porque eu mentir non, foi que faría o proxecto, que o presentaría e logo que xa falaríamos. Se non trouxen o proxecto ó Pleno foi porque sempre se me dicía que estabamos en campaña electoral, que o deixara para o próximo goberno que sería a quen lle tocara e así o fixen.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Quen lle dicía iso, a súa alcaldesa? Qué mellor campaña electoral que dar un servizo ós veciños. Como lle pode dicir a súa xefa de grupo que está en campaña electoral? Estou a falar do ano 2006. Estame a dar a razón.

SR. COMESAÑA ABALDE: Sra. Abelairas, non quite vostede as cousas do sitio, se se aproba en decembro de 2006, todos sabemos que as eleccións foron en maio de 2007 e cada proxecto que se traía aquí, o seu grupo e máis o de atrás dicían que non e como non tiñamos presuposto non se fixo. O Sr. Domínguez sabe ben que era así.

SR. FIGUEROA VILA: Por alusións da Sra. Abelairas. O noso grupo está tentando ser escrupuloso cos tempos e tamén coas intervencións para non saír da orde do día a pesar de que non estamos de acordo coa súa proposta, pero faga hoxe un repaso do que está a pasar neste Pleno e darase de conta de que son realmente vostedes os que se saen fóra da orde do día e aludindo a cuestións que non son do Pleno.

Se vostedes persisten nesa actitude evidentemente imos entrar na mesma situación. Non lle vou contestar á Sra. Abelairas porque coido que xa xerou bastante polémica. Xa felicitei á Sra. Silva e xa lle dixen o que lle tiña que dicir onde llo tiña que dicir, pero se quere ó remataren o Pleno, en rogos e preguntas, volvemos facer un debate do que vostede queira.

Pero tamén lle dicimos para que o saiban os cidadáns e os medios de comunicación que se vostedes nos provocan imos entrar, non nos imos calar. Analicen o Pleno de hoxe e miren cal foi o comportamento deste grupo, adaptándose e cinguíndose única e exclusivamente ás mocións pero se queren abrir o debate facémolo, non hai problema.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Figueroa. En todo caso urxinlle á Sra. Abelairas que se centrara no punto da orde do día, igual que antes fixera cun dos membros do seu grupo. O tema está pechado.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando ó Goberno Municipal a acometer o proxecto de mellora de beirarrúas nas rúas Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra no barrio de Teis.

18.- (79).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO RECLAMAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO O PAGAMENTO DA LIMPEZA E MANTEMENTO DO PARQUE "EDUARDO DACOSTA" EN VALLADARES OU BEN A CESIÓN DA TITULARIDADE Ó CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Durante os últimos meses puidemos ver como se xeraba entre os veciños de Valadares polémica e malestar polo empeoramento na súa calidade de vida cotiá, debido concretamente á situación de deterioro e abandono do parque público Elisardo Dacosta, nos terreos sitos sobre o falso túnel do segundo cinto de circunvalación.

Este malestar tense visto reflectido a través de concentracións e manifestacións dos veciños, aparecidas tamén nos medios de comunicación que se teñen feito eco das mesmas. En concreto e dende a Asociación Veciñal de Valladares tense denunciado a falta de limpeza e mantemento, reclamando á súa vez a eliminación da maleza do citado parque.

Ademais e co gallo de amosar o seu interese, numerosos veciños da parroquia concentráronse reivindicando os seus dereitos e ó mesmo tempo procedendo mediante os seus propios medios, provistos de apeiros de labranza, ó roce da maleza dos 3.000 m² de superficie do parque.

Non parece dende logo de recibo, que sexan os mesmos veciños e afectados os que deban realizar a limpeza dun lugar público, aínda que sen dúbida amosan o seu civismo e vontade para resolver o problema.

Por outra banda os veciños poñen de manifesto o que consideran desidia e abandono das administracións, debido ó que consideran “colisión de competencias” entre o Ministerio de Fomento (titular do terreo) e o Concello de Vigo.

Entendemos por tanto que o Concello pode e debe atopar unha solución ó problema que están sufrindo os veciños de Valladares clarexando a situación co Ministerio De Fomento, polo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos a seguinte proposta ó Pleno da Corporación para a súa aprobación:

Reclamar ó Ministerio de Fomento unha partida orzamentaria para a limpeza e mantemento do parque Público Elisardo Dacosta da parroquia de Valladares, ou no seu caso a cesión da titularidade ó Concello de Vigo para que dende o mesmo se poida asumir a competencia do parque".

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Presentamos esta moción sobre a parroquia de Valladares respecto a un parque público cuxa finalidade é o goce da xente máis nova, dos nenos e nenas, dos veciños de Valladares.

Sen embargo miramos como nos últimos tempos este parque non puido ter a súa función e o que ocorreu foi que os veciños de Valladares, cansos de que o parque "Lisardo Dacosta Torres" se atopara en mal estado, decidiron manifestarse e resolver o problema eles mesmos recorrendo ós seus propios apeiros de labranza, o que resulta interesante, para eliminar a maleza e toda a sucidade que había no parque.

Tamén ven reflectido nos medios que os veciños falan de colisión de competencias entre Fomento e Concello, ambos gobernados actualmente polo Partido Socialista o que resulta curioso e tamén moi interesante, ver que non hai solución mesmo cando ambas competencias están nas mans do Partido Socialista.

Por outra banda os propios veciños amosaron o seu máximo grao de interese para resolver o problema e eles mesmos, como dixen, concentráronse, comeron, imparon o parque e finalmente puideron gozar del porque eu mesmo comprobeino en varias ocasións. Calquera parque ten como finalidade o seu goce, particularmente este porque se atopa fronte un colexio e polo tanto é normal que haxa moitos nenos e nenas de curta idade para xogar, para pasear, para aproveitar as posibilidades que ofrece o parque; hai bancos e mesas para merendar, etc. Non

é lóxico que se acumule lixo, maleza, sucidade, etc.

Tamén habería que ter en conta que é un mal exemplo para a xente nova porque un parque debe ter unha boa presenza, un mantemento e deste xeito permitir inculcar unha serie de valores relacionados co medio ambiente á xente máis nova.

Por isto pensamos que, igual que no anterior mandato do goberno Popular de D^a Corina Porro, se mantiveron todos os parques e xardíns en bo estado, se puido gozar deles e foron un exemplo aínda que moitas veces criticaron mesmo as flores, debe haber unha solución.

De seguido o Sr. González Sagarra procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se contén nos antecedentes.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Querería clarexarlle a vostede porque daquela non estaba, que xa na época do Partido Popular a través dun rogo do BNG pedíase que se solicitara a cesión dese parque ó Ministerio de Fomento.

Temos dado as ordes para solicitar o traslado de competencias do Ministerio de Fomento ó Concello de Vigo; mentres lle pedimos ó Ministerio que o arranxe para que estea en condicións. Unha vez que ese parque estea en condicións farase a súa recepción.

O mesmo facemos absolutamente con todas as obras que fan outras administración, téñenas que deixar en perfectas condicións para que logo o Concello se poda facer cargo delas. O que non pode ser é que unha administración ceda uns terreos ó Concello, os deixe sen arranxar e logo teñamos que nos facer cargo dese gasto.

Non se preocupe que iso se vai facer, as relacións co Ministerio de Fomento son estupendas e aí vai haber un parque. Como o Sr. Alcalde non me deixa saír do tema, só dicir que lle votamos a favor a moción.

SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Só lembrarlles que o parque o puxo en marcha Fomento no ano 2003 en que había un goberno do Partido Popular e logo, cando pasou as mans do Partido Socialista, foi cando se xerou o problema. De todos os xeitos alegrámonos de que vaian votar a favor e de que por fin se vaia acadar unha solución e dar unha resposta ós cidadáns que ó final é o que piden.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. González Sagarra, a diferencia é que nós lle imos solicitar ó Ministerio de Fomento que arranxe ese parque e unha vez arranxado que nolo ceda. Resumindo, imos facer o que vostedes non fixeron.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Xa lle dixen que nós si solucionamos cousas, dende o anterior goberno se atenderon e se solucionaron as demandas dos cidadáns de Valladares polo tanto non diga que non fixemos nada.

Se vostede non atopa solución, estou disposto a ir con vostede a ese parque, tamén con apeiros de labranza, para o solucionar se é que algunha vez me di cal é a solución aínda que me produce vergoña allea o que ocorreu.

Non sei se coñece o parque, eu teño fotos; non sei se sabería dicirme cantas randeiras e tobogáns hai. Se é quen de mo dicir, dígamo agora mesmo, se non é quen mándeme ó coordinador de servizos exteriores para o comprobar.

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, non imos entrar nun novo debate, non lle dou a palabra.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, reclamando ó Ministerio de Fomento unha partida orzamentaria para a limpeza e mantemento do parque público Elisardo Dacosta da parroquia de Valladares ou, no seu caso, a cesión da titularidade ó Concello de Vigo para que dende o mesmo se poida asumir a competencia do parque.

19.- (80).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A SUPRESIÓN DE CIRCULAR RELATIVA ÁS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"Os alumnos das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Galega están a vivir unha situación difícil e inxusta.

O pasado 28 de novembro de 2007, dous meses despois do comezo do curso e preparándose os exames de decembro, a Xunta de Galicia decidiu unilateralmente cambiar as condicións baixo as que se matricularon os alumnos da EOI.

Ditos cambios inclúen entre outros:

A eliminación da convocatoria de setembro no último curso de cada ciclo así como a suspensión da avaliación continua; un único exame en xuño.

Isto significa que o exame de xuño é fixado pola Xunta de Galicia, no día e hora que a eles lle parece. Se un alumno non pode acudir, está obrigado a repetir curso xa que tampouco hai convocatoria de setembro.

Estes cambios foron aprobados unilateralmente en Santiago e comunicados ós Centros de toda Galicia mediante unha circular con data 28 de novembro de 2007, para sorpresa tanto de alumnos como de profesores, que tiveron que modificar os programas didácticos para os adaptar a unhas novas normas incoherentes e pouco concretas que deixan moitos cabos soltos.

Todo isto supón unha redución dos dereitos dos estudantes e ademais non se corresponde coas condicións específicas da matrícula que os alumnos asinaron ó formalizar a matrícula.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno do Concello de Vigo instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a suprimir a circular que modifica os criterios de avaliación das Escolas Oficiais de Idiomas, reimplantando a avaliación continua, garantindo dúas convocatorias por ano e a informar previamente ós alumnos antes da matrícula dun novo curso".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

A Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: En principio coido que hai unha serie de inexactitudes

na formulación da moción porque non sería este o foro indicado para a presentar posto que a ordenación académica das escolas oficiais correspóndelle á Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Recentemente presentouse no Parlamento unha moción semellante polo que coido que aquí ven un pouco fóra de lugar para tomar decisións. Non obstante clarexareille cada un dos puntos que presenta.

No actual curso escolar implantouse un novo sistema para Escolas Oficiais de Idiomas nas distintas comunidades autónomas que aparece regrado no decreto de 29 de decembro do ano 2006; tamén aparece no decreto do 20.09.07 en cumprimento no establecido no Real decreto do 30 de xuño de 2006, etc.

De acordo coa dita norma a implantación do novo sistema contempla a realización de probas de certificación de acordo con parámetros establecidos no marco común europeo de referencia, é dicir, está sometido ás normas europeas, non é un capricho que se puxera aquí.

En canto ós exames parciais que vostede di que só hai un en xuño, nas escolas oficiais de idiomas fanse en febreiro, non en decembro. As direccións de todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia foron advertidas de que se estaban a elaborar unhas normas distintas ás dos anos anteriores como consecuencia da aplicación do novo currículo, cuxo borrador definitivo estaba xa publicado antes das vacacións de verán no portal educativo da Xunta e por suposto en coñecemento de todas as escolas oficiais.

Os únicos exames que fixou a Consellería de Educación son os das probas unificadas que se contemplan no novo sistema e que, ó seren a primeira vez que se elaboran, son de aplicación única para toda Galicia o que obriga a que o calendario sexa único. É algo parecido ó que se fai coa selectividade.

As características das probas únicas, como son as da selectividade ou as de acceso a outros tipos de ensinanzas, non poden contemplar os casos individuais que lle poidan impedir ó alumno asistir ás mesmas.

As escolas oficiais coñecían xa antes das vacacións o borrador definitivo dos currículos que ían ser de aplicación ó inicio do curso e que non introducían no nivel básico do curso actual moitas modificacións ó respecto. O que sorprende en todo caso é que non se faga ningunha mención por parte do alumnado ás melloras que si se lle fixeron. Por exemplo a implantación permitirá realizar unha proba de

acceso que vai recoñecer os coñecementos previos do alumnado ata o nivel máis alto, é dicir, que non terán que pasar por niveis máis baixos nin exames previos para chegar a este nivel.

Igualmente contempla a avaliación doutros certificados de linguas estranxeiras para o dito acceso e non esixe a obtención dun certificado de nivel básico ou intermedio para poder optar ás probas de nivel superior. Esa é unha das vantaxes que ten este novo sistema.

Por outra banda no actual curso escolar creceu a oferta como nunca antes fixera, de xeito que ademais de ofertar linguas como o caso do chinés ou o xaponés nas cidades de A Coruña e Vigo, abríronse nove seccións novas en distintos puntos de Galicia de xeito que se cubriu a maior parte da demanda de prazas posibilitando o acceso a maior número de persoas, como no caso de Pontevedra, Tui e en Cangas e en Vigo no IES Alexandre Bóveda.

O que vostedes propoñen habería que o saber con máis detemento, ter un maior coñecemento e si que todas as escolas de idiomas estaban ó tanto deste cambio. Tampouco é certo que desaparezan todos os exames nin a avaliación continua, segue a facerse no mes de febreiro.

Para facer unha aclaración ampla habería que ler, que non é o caso, a circular correspondente porque ten dezasete páxinas pero nela se fala claramente da avaliación. Só dicir que hai unha proba parcial de progreso, unha proba final de promoción e unha proba terminal de certificación. Na de progreso se entende de avaliación continua.

En principio estamos de acordo en que podemos solicitar que haxa exames de setembro pero non estamos de acordo en todas as demais queixas posto que eses temas saen mellorados amplamente. Podemos propoñer que se leven a cabo as probas de setembro, o que xa o acordaron facer entre moitas comunidades e tamén a de Galicia.

SR. LÓPEZ CARREIRAS: O Grupo municipal do BNG vai apoiar esta moción porque é un tema no que o BNG xa ven amosando a súa preocupación como o demostra a pregunta que a instancia do noso Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez, realizou o deputado do BNG Manuel Parga Núñez o 16 de febreiro no Parlamento de Galicia. Non é de recibo que comezado o curso escolar nas escolas oficiais de Idiomas o 28

de setembro, dous meses logo, practicamente o 21 de novembro, se emita a circular 19/2007 da Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se establece un novo sistema de avaliación cunhas condicións nese momento absolutamente descoñecidas polo alumnado que formalizou a súa matrícula con anterioridade.

Entre outras cousas desaparece a avaliación continua, faise unha proba final no mes de xuño pola que se cualifica todo o curso. Dende o meu punto de vista a avaliación continua é un dos maiores avances pedagóxicos, senón o maior, das últimas décadas a nivel educativo.

É totalmente lóxico que nun ensino oficial se teña en conta na nota final a participación nas clases e as diversas probas que se van realizando ó longo do curso. Que desaparezan as probas de setembro para min é absolutamente inexplicable.

Estamos a falar dun ensino que basicamente vai dirixido a xente adulta, xente que na súa gran maioría está introducida no mundo laboral, con dificultades de horarios para adicar á preparación destas probas que se van realizando na escola de idiomas. Un alumnado que en grande medida, sacrificando en parte as súas vacacións do verán, aproveitaba ese tempo do que dispuña no verán para preparar unhas probas por non ter o tempo suficiente ó longo do inverno.

Apoiamos esta moción e o BNG vai votar a favor.

SRA. MOLARES PÉREZ: Tentarei limitarme ós cinco minutos de réplica pero lle pediría que fose benévolo porque por parte do goberno utilizaron case dez.

Agradezo ó Bloque Nacionalista Galego que aposte por apoiar ós estudantes da Escola Oficial de Idiomas. Evidentemente sabíamos que había tamén unha pregunta do BNG na Xunta de Galicia efectuada hai varios meses, sen respostar cando nós presentamos esta moción e que o foi precisamente o 28 de marzo. Sabemos o que se contestou e tamén sabemos que non se deu resposta positiva no Parlamento a esta cuestión.

Sorpréndeme que por parte do Grupo Socialista a un dos seus concelleiros lle parezan nimiedades, trivialidades as nosas mocións e que a outra lle pareza que non é o foro adecuado o Concello de Vigo para presentar unha cuestión que afecta ós cidadáns de Vigo, ós homes e mulleres que estudan na Escola Oficial de Idiomas.

Evidentemente esta Corporación non é quen decide a política da Xunta de Galicia, pero o meu grupo considera que somos nós, os corporativos deste Concello, quen temos a obriga de velar polos intereses dos cidadáns de Vigo e instar á Xunta de Galicia, unha administración territorialmente superior, e cando cremos que está a prexudicar ós cidadáns de Vigo facer que cambie o rumbo. Neste sentido coido que non só pensa isto o Partido Popular, senón o BNG que, non só neste mandato senón que tamén noutros, presentou cuestións referentes á política da Xunta de Galicia, mirámolo co peche dos centros hospitalarios e mesmo tamén o Partido Socialista. Por tanto crémonos con absoluta lexitimidade para presentar esta moción que afecta a homes e mulleres do Concello de Vigo.

Sra. López Atrio sabe que normalmente documento as mocións e teño aquí toda a normativa, dende o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, no que no artigo 4, punto 3º, certificado dos niveis intermedio e avanzado, establece que as administracións educativas organizarán ó menos unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados correspondentes ós niveis intermedio e avanzado.

Tamén teño o Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e dos currículos dos niveis básico e intermedio, no que tamén no seu artigo 19, referente a certificacións, no punto 3ª di que "A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria organizará polo menos unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados correspondentes a todos os niveis".

Tamén teño a circular 19/2007 da Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais sobre a organización académica e avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ó abeiro do decreto 191/2007, do 20 de setembro. Esta circular coido que ten un carácter experimental en canto que establece se aplica en tanto non se publiquen as ordes correspondentes pendentes de publicas. Tamén teño a circular 5/2007.

En definitiva tampouco temos que ser uns expertos no ámbito educativo, eu dende logo que non o son, pero para o que estamos aquí é para defender un dereito, un interese deses estudantes que miraron como se recortaba o dereito que tiñan a unha convocatoria en setembro, unha avaliación continua e que a pesar de pedir

unha xuntanza co director xeral que mantiveron o mes pasado na que lle solicitaban estas cuestións que se modifican, e non podemos dicir que se modifican porque cambia a normativa europea porque esta normativa permite perfectamente que se manteña a convocatoria de setembro, estes cidadáns miraron como diminuía un dereito que tiñan á hora de formalizar a matrícula.

Coidamos que o máis importante é que as condicións se cambian con esa circular de novembro de 2007 unha vez que homes e mulleres se matricularon cunhas condicións anteriores.

A Sra. López Atrio fálame de que esa resolución ou o decreto 191/2007 se colgaran no portal da Xunta de Galicia pero, cantos son os cidadáns que se poñen a ver se cambia ou non unha normativa? Que un borrador de normativa estea colgado nunha páxina web en ningún caso quere dicir que poida ser analizado e discutido cos colectivos determinados.

Claramente faltou unha negociación, houbo unha falta de diálogo cos estudantes da Escola Oficial de Idiomas e póneno de manifesto as súas propias declaracións nas que din que senten que foron recortados os dereitos que tiñan. Comparto totalmente os argumentos do Sr. López Carreiras porque estamos a falar dun colectivo cun perfil, ó menos os estudantes da escola de Vigo, de muller de corenta e cinco anos, con traballo, con carga familiar e o esforzo que fan por querer estudar idiomas, cando ademais é o que interesa, que a xente coñeza máis idiomas, coidamos que hai que lle facilitar as cousas.

A Sra. López Atrio tamén me falaba das melloras que se introducen con esta circular. Nós non imos pedir que se eliminen esas melloras pero o que temos que ter claro todos aqueles que nos adicamos á política e a gobernar, tanto no Concello de Vigo como na Xunta de Galicia, que ás veces non é o que cremos nós que lle produce máis beneficios ós cidadáns é o que eles perciben.

O que se trata é que estes estudantes perciben que este cambio lles prexudica e neste sentido o compartimos totalmente con eles e por tanto nós imos manter o contido da moción porque coidamos que realmente se pode cambiar esa circular e que os estudantes poden ter as mesmas condicións que tiñan no momento de realizar a súa matrícula.

Agradecemos ó BNG que apoie esta moción e coidamos que o Concello de Vigo é o lugar adecuado para que cada grupo político tome unha postura sobre un tema que

é de lexislación da Xunta de Galicia pero que afecta ós nosos cidadáns e cidadás.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Eu non dixen que non ía apoiar a moción, estaba xustificando todas as situacións que se dan nestes decretos. Aínda que digan vostedes que non hai exames parciais, si os hai no mes de febreiro; dáse a avaliación continua, polo menos se pode facer unha proba no mes de febreiro, ten unha valoración e logo un exame final en xuño.

Por outra banda as direccións de todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia foron advertidas de que se estaban a elaborar unhas normas distintas que, como consecuencia da aplicación do novo currículo, como vostede sabe hai unha serie de cambios importantes para estudar diversos idiomas. De feito algún son só de dous anos, outros o curso de iniciación base, perfeccionamento, etc., excepto o chinés e o xaponés que dan a opción de tres anos a cada unha das partes da aprendizaxe destes niveis.

Coido que non todo o que está exposto é certo, hai posibilidades de considerar o exame de setembro que a todo o mundo lle vai ben e que estamos de acordo en solicitalo. O demais tamén se pode solicitar se hai cambios tan fundamentais que afecten pero supoño que non estarán de acordo en cambiar as melloras que se fan. Todas esas melloras que supoñen poder examinarse libremente para acceder a calquera nivel e a calquera das partes da aprendizaxe dos distintos idiomas van incluídas aquí, non fai falla pasar polas distintas fases senón que é de libre acceso. Polo tanto, sen nos opoñer en absoluto a que se soliciten todas as melloras posibles para o alumnado, hai que recoñecer que non estaban as escolas de idiomas nin tiñan por que estar o alumnado tan ignorantes de toda a información que había. Estou segura que moitos deles estarán ó tanto para poder aproveitar esta información, poder examinarse no momento adecuado e poder optar ós diferentes niveis que hai no ensino.

Non nos opoñemos en absoluto a pedir os exames necesarios e a que teñan todas as vantaxes os estudantes pero tampouco pensar que este é o espazo porque a normativa faina a Consellería de Educación.

SRA. MOLARES PÉREZ: En ningún caso dixemos que as melloras que se percibirán polos estudantes se eliminen, estaríamos tolos se dixéramos o contrario, todo o

que sexan melloras benvidas sexan. O que está claro e é o que nós pedimos, é que esta circular incorpora dúas medidas que nos parecen moi prexudiciais para os cidadáns como é a convocatoria de setembro e a avaliación continua, sobre todo en determinadas partes dos ciclos e por iso queremos apoiar a eses estudantes á hora de defender fronte á Consellería este posicionamento.

Como xa comentei antes o mes pasado os estudantes xuntáronse co Director xeral que quedou pendente de lles dar resposta a algún dos seis puntos que lle expuxeron, concretamente ó tema da convocatoria de setembro quedou de contestar no mes de marzo pero hoxe e día 31, realizaron un paro o 26 de marzo, e non coñecemos que houbera ningunha resposta positiva por parte da Dirección xeral.

Sabemos que noutros casos, como foi no tema dos estudantes de Formación Profesional tamén pasou algo similar, un cambio realizado dende Santiago con falla de diálogo, de acordo e cremos realmente que a Consellería non consegue nada con este cambio, agás que pretenda desmotivar a esa xente que se sacrifica por iren á escola de idiomas de xeito oficial e non por libre. Sabemos que outro dos problemas que hai é a masificación da escola oficial de idiomas e ó mellor o que se pretende é iso, pero agás esta posibilidade non cremos que sobre todo co cambio do exame de setembro se consiga nada positivo para que as persoas poidan estudar idiomas.

Agradézolle a súa invitación a que nos matriculemos os corporativos pero de momento eu déixoo para outra ocasión.

Tamén dicirlle que ante esta situación, insistimos en que coidamos que se fixo un cambio sobre todo dende o momento da matrícula ata que se teñen que realizar os exames, unha vez máis a Consellería fíxoo de xeito unilateral, fallou a información porque os alumnos non coñecían os cambios e non houbo resposta por parte da Dirección xeral nin ós alumnos que o primeiro que fixeron foi pedirlle unha xuntanza, e penso que a resposta que se deu o venres no Parlamento tampouco se axustou a dicir ó que se ía facer.

Esta circular ten carácter transitorio e por tanto cremos que non se debe aplicar neste curso porque estaría cortando as condicións nas que os alumnos e alumnas realizaron a matrícula o pasado verán, por tanto cremos que é importante que salga co apoio de toda a Corporación do Concello de Vigo para que a Consellería o

pense, negocie cos alumnos e busquen a resposta máis axeitada para os seus intereses pero que en todo caso sempre será non modificar esa convocatoria de setembro e que os alumnos poidan seguir acudindo a ela.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a suprimir a circular que modifica os criterios de avaliación das Escolas Oficiais de Idiomas, reimplantando a avaliación continua, garantindo dúas convocatorias por ano e a informar previamente ós alumnos antes da matrícula dun novo curso.

20.- (81).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A PUBLICACIÓN DUNHA GUÍA INFORMATIVA COA OFERTA EDUCATIVA DE VIGO CARA O VINDEIRO CURSO ACADÉMICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O pasado ano o goberno local do Partido Popular puxo en marcha a publicación dunha guía de colexios concertados que, xunto á guía de colexios públicos de Vigo, ofrece aos pais e titores dos escolares unha información completa sobre a oferta educativa da cidade.

Ata ese momento só se editaba unha publicación coa información dos colexios públicos.

Estas guías informativas teñen sentido en canto instrumentos que proporcionan información con tempo suficiente para proceder á elección de centro, é dicir, con antelación ao mes de marzo en que se abre o prazo para a presentación de solicitudes de praza nos colexios.

Ao longo do mes de febreiro do presente ano, enviouse aos pais/titores dos nenos

que se escolarizan por primeira vez a “*Guía de Centros Públicos do Concello de Vigo. Educación Infantil e Primaria 2008/2009*”, na que non se inclúe ningunha información relativa aos colexios concertados da cidade. Tampouco se editou, como no ano anterior, outra publicación que recolla esta oferta.

O seu prólogo, sen embargo, é suficientemente expresivo da utilidade das guías. No seu último parágrafo así o indica:

“Gustaríanos que a información contida nesta Guía de centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo poida servirles como referente ás familias e sirva de apoio para axudar a escoller a elección máis acertada para os seus fillos. Recomendamos que, despois de consultar a información recollida nestas páxinas, se acheguen aos centros educativos para os coñecer persoalmente e poder valorar os equipamentos e servizos que prestan ao seu alumnado”.

Malia esta declaración de intencións entendemos que este ano se limitou o dereito e á capacidade de elección dos pais/titores, ao non se lles proporcionar unha guía coa oferta educativa completa de Vigo, ao esquecer que a educación concertada é tamén pública na medida en que presta un servizo público, sostido con fondos públicos.

O grupo municipal do Partido Popular entende que a liberdade de ensino garantida pola Constitución non é posible se non existe unha oferta educativa plural; e que velar pola liberdade de ensino, como representantes da cidadanía, significa promover que o proxecto educativo de cada centro se dea a coñecer ás familias para favorecer a súa libre elección.

Xa que logo, propón para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

Que de cara ao vindeiro curso académico, se publique unha guía informativa completa que recolla toda a oferta educativa de Vigo, con tempo suficiente para que os pais e titores dispoñan dela con anterioridade á apertura do prazo de solicitude de praza nos centros escolares”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Tal como determinou o Tribunal Constitucional o dereito á educación comprende tamén a facultade de elixir centro docente, incluíndo escoller un centro distinto dos creados polos poderes públicos.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Lembrarán que a guía de centros concertados saíu publicada no

mes de maio, estaba o Partido Popular nese goberno. Como concelleira de Educación tiveron a primeira reunión co representante dos centros concertados, don José Manuel Álvarez Fernández, no mes de xaneiro cando me solicitou a publicación da guía dos centros concertados.

Logo de obter a conformidade da Alcaldía para esa edición, trasladáraselle ós solicitantes a necesidade de dispoñer dun soporte informático de contidos xa que sería o servizo de Educación o encargado de xestionar e facer o expediente correspondente para contratar os cinco mil exemplares que se solicitaban, igual que o número de exemplares que se fixeron para os centros públicos.

Este expediente empezouse cando chegou a solicitude e o CD cos contidos da guía e foi exactamente o día 10 de marzo do mes que andamos cando baixo as miñas instrucións faise efectivo o expediente administrativo para a súa publicación. Tamén se pasou ó servizo de Normalización Lingüística do Concello para a supervisión deste borrador, pasouse tamén ós centros concertados e máis a asociación e a día de hoxe unicamente estamos esperando unicamente que estea na imprenta para a súa publicación. Isto está feito neste tempo e a razón é que chegou ás nosas mans o 10 de marzo.

SR. LÓPEZ CARREIRA: O Grupo municipal do BNG non comparte esta moción e vai votar en contra. Paréceme realmente un sen sentido porque os colexios concertados e os privados son empresas privadas sobre as que o Concello non pode exercer ningún tipo de control e coas que non mantén ningún tipo de relación e iso non é o que ocorre co ensino público.

Este Concello como todos os de Galicia cede os terreos onde se constrúen os diversos colexios públicos, colabora coas actividades extra-escolares, colabora no mantemento das súas instalacións e xustamente por iso, porque é ensino público, custéanse e páganse as cousas con cartos públicos. Pero ademais este Concello forma parte e está representado en todos os consellos escolares dos centros de ensino público. Todo o mundo sabe que o Consello Escolar é o órgano máximo de dirección dun centro público.

Este Concello ten moito que dicir sobre o plan de centros, os obxectivos a acadar, aproba ou non os orzamentos, participa á hora de nomear ós órganos de dirección. É evidente que o Concello ten moito que falar, moito que facer nos centros públicos

xa que forma parte activa da comunidade educativa pero iso non ocorre nos centros privados, só coma exercicio didáctico.

Pregúntelle á xente se lle parece normal que este Concello edite unha guía na que se recollan as piscinas públicas e os servizos que se ofrecen ós cidadáns e cidadás. Seguro que todo o mundo está de acordo. Pregúntenlle agora que lles parecería que con cartos públicos se editara unha guía na que se recolleran as piscinas dos distintos ximnacios privados da nosa cidade; seguro que dirían que paguen eles a súa propia publicidade.

Dende logo o BNG oponse rotundamente a que con cartos públicos se fagan publicidade empresas privadas polo que o noso voto vai ser en contra desta moción.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar responder á Sra. López Atrio con respecto ó atraso que tivo a publicación da guía de centros concertados do ano pasado. Era a primeira vez que se editaba e realmente custou moito recabar toda a información con tempo suficiente para que estivera publicada e distribuída antes do mes de marzo. Este atraso debeuse o pasado ano precisamente a que non recolleamos toda a información.

Dime que este ano o atraso foi pola mesma causa e que a guía estará en breve na rúa, cando realmente rematara o prazo para a solicitude de prazas nos colexios. O que procedía este ano era a reedición da información que xa estaba informatizada, maquetada e feita do ano anterior, agás facer algunhas correccións que nos consta que estaban feitas a comezos de ano. No mes de xaneiro no Concello se dispoñía de toda a información para a reedición dunha guía que estaba perfectamente maquetada, revisada e traducida do ano anterior.

Agora quería responder ó Sr. López Carreira, representante do BNG, porque eu non quixera saír do debate que concirne a esta moción que unicamente é instar para que esta guía estea editada con tempo suficiente, con antelación ó mes do marzo do próximo ano. Pero el presenta aquí un debate que vai máis alá como é a liberdade de ensinanza e coido que nos sairíamos.

Fala da ensinanza concertada coma ensinanza privada, como empresa privada e polo tanto digamos que a administración pública non ten nada que dicir neste sentido. Quixera lembrarlle que independentemente de quen sexa o titular que

xestione esa ensinanza, é un dereito fundamental garantido pola Constitución e que polo tanto os poderes públicos deben garantir. Entre outras cousas iso significa que se posibilite a existencia dunha ensinanza que non sexa de titularidade estatal. Polo tanto nese labor de defensa da liberdade do exercizo dese dereito fundamental e sobre todo cando estou a falar da escola concertada, da que está sostida con fondos públicos que non estou a falar doutras escolas de titularidade e xestión absolutamente privada e que, por certo, se falamos disto eu non atopo ningún inconveniente en que se publicase unha guía total, con todos os servizos igual que se fai noutras áreas como Turismo, etc., sexa a titularidade e a xestión de quen sexa, nós debemos favorecer que os padres dispoñan de toda a información posible e iso coido que vai a favor do mantemento dun dereito fundamental e non o argumento que o Sr. López Carreira expuxo.

En calquera caso quería referirme a que se edite a guía pero con tempo suficiente, é absurdo que a guía vexa a luz no mes de maio cando o proceso de selección de praza nos colexios xa rematou.

SRA. LÓPEZ ATRIO: A imposibilidade da facer con tempo dependeu única e exclusivamente da súa entrega na concellería de Educación. As persoas responsables de entregar a documentación, mesmo que fose para repetir ou copiar, estaba nas mans dos solicitantes, non nas mans da Concellería porque a vez anterior lémbrolle que non foi a concellería correspondente a que encargou á empresa a súa impresión, nin moito menos. Polo tanto tivemos que esperar a que se entregara para facer a operativa, era imposible adiantala pola nosa banda.

Fixémolo coa prontitude que nos permitiron, o expediente está feito, a impresión está preparada e só falta que saia. O atraso non se debe a nós, senón ás persoas que a tiñan na man e estaba nas mans das persoas solicitantes. Por isto non estamos de acordo coa moción que presentan porque pola nosa banda está cumprido o proposto.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Lémbrolle o que pide na súa propia moción, fala de que se publique unha guía informativa completa que recolla toda a oferta educativa de Vigo, polo tanto entendo que falamos do ensino público, do concertado e do privado.

En calquera caso reafírmome nos argumentos que expuxen antes, hai centros concertados e privados e todos son de titularidade privada. Unicamente a remito ó convenio dos traballadores dos centros concertados onde se di que é un convenio de empresas privadas sostidas con fondos públicos.

Repito que o BNG considera que non se pode gastar o diñeiro dos contribuíntes de Vigo, cartos públicos, en promocionar e potenciar empresas privadas.

SRA. LARRIBA LEIRA: O que non se debe entender con esta proposta é que nós estamos con esta guía tentando privilexiar ou favorecer o desenvolvemento dunha empresa privada; o que estamos a falar é dos dereitos fundamentais dos cidadáns, de ofrecer ós cidadáns a información á que teñen dereito, independentemente de quen sexa a xestión destes centros. Falamos dun dereito cidadán, non de privilexiar a empresas privadas.

Como xa lle dixen noutros sectores como o turístico, hai centenaes de publicacións que saen das administracións públicas nas que se están referenciando empresas privadas constantemente e isto para favorecer o coñecemento, atraer o turismo, ten unha serie de consecuencias positivas para a cidadanía. Pois unha guía que ofrezca a oferta educativa completa beneficia a todos os cidadáns, non falamos de empresas.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando que de cara ó vindeiro curso académico se publique unha guía informativa completa que recolla a oferta educativa de Vigo,

con tempo suficiente para que os pais e titores dispoñan dela con anterioridade a apertura do prazo de solicitude de prazo nos centros escolares.

21.- (82).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SOLICITAR Ó MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN UN CONVENIO PARA IMPLANTACIÓN DA SINATURA ELECTRÓNICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"A sociedade actual está inmersa nun proceso de cambio. O cambio ven facilitado pola aplicación de novas tecnoloxías vinculadas á información e á comunicación. A consecuencia máis directa deste cambio é a posibilidade do acceso de toda a sociedade a inxentes cantidades de información.

Sen embargo, estes avances técnicos precisan non só do coñecemento senón da asimilación de ditas tecnoloxías por parte de todos os cidadáns, de forma que queden incorporadas ás súas vidas diarias. Só así poderemos falar dunha nova sociedade, unha sociedade de información e de coñecemento.

O Goberno Local do PP traballou co obxectivo de modernizar a administración local facilitando ferramentas dixitais ós cidadáns a través da web municipal. Así púxose en marcha a Carpeta do Cidadán, entre outras actuacións, permítenos realizar distintas xestións administrativas sen ter a necesidade de se trasladar ó Concello. Podemos consultar en tempo real a tramitación dos expedientes e documentos do Concello de Vigo e da Xerencia de Urbanismo dos que o cidadán é titular, acceder os datos do padrón de habitantes, obter volantes e certificados de empadramento, enviar solicitudes e documentación ao Rexistro Xeral do Concello ou da Xerencia, ca mesma validez que se os presentase persoalmente, ademais de consultar, imprimir, domiciliar e realizar o pagamento de recibos de IBI, IAE, Vehículos, Recollida de lixo e Exaccións Unificadas Industriais, ou consultar o estado das multas de tráfico e xerar a carta de pago.

Ademais é importante seguir implantando novos sistemas que faciliten ós cidadáns realizar trámites a través da web (a web do Concello era despois da do Concello de Barcelona a que mais servizos prestaba), deste xeito a implantación da sinatura electrónica é primordial para facilitar ós cidadáns realizar os trámites administrativos de maneira máis áxil.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación de Vigo tome o acordo que segue:

Solicitar ó Ministerio de Administracións Públicas e á Consellería de Innovación o financiamento necesario a través dun convenio para a implantación da sinatura electrónica."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de comezar falar da moción quería agradecer ó persoal que integra a área de informática polo esforzo que está realizando por manter Vigo como núcleo dunha das cidades con maior índice de tecnoloxía, porque logo de facer esta moción comprobei que o noso sistema informático é un dos máis punteiros das nosas cidades.

De seguido o Sr. Martiño Gómez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar felicitarlle por como está a levar o debate hoxe e por como os levou os debates anteriores. Como houbo algunha mención á implantación dos tempos para debater as mocións...

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, por favor, non me reabra debates.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa moción presentada polo Sr. Martiño en primeiro lugar quero agradecerlle o recoñecemento ó persoal funcionario de informática polo traballo desenvolvido que, como podo comprobar, coido que está á satisfacción de todos os grupos.

A estrutura da moción está un pouco en liña coas que está a presentar o Partido Popular dende o primeiro momento. Ten unha parte que se refire ó realizado polo Partido Popular anteriormente, en ocasións sen moita concreción e tamén en ocasións non se axustando completamente á realidade, e logo propostas que en ocasións non encaixan en relación co que se está a facer neste intre.

Con respecto ó tema presentado nesta moción debo dicirle que efectivamente, tal como se sinala na moción, na nosa páxina web funciona a carpeta do cidadán que permite, como vostede di, realizar unha serie de trámites e mesmo proceder ó pagamento dunha serie de impostos e demais. O que ocorre é que neste momento

a identificación do cidadán en relación co que vostedes propoñen na moción xa se pode realizar de tres formas diferentes: primeiro por identificación por unha clave de acceso que previamente se solicita ó Concello e que logo debe recollerse, que permite tanto ó cidadán como á empresa que poida realizar estas xestións.

Tamén está asimilado o sistema do DNI electrónico que tamén permite acceder á carpeta do cidadán e tamén se pode realizar por determinados certificados dixitais admitidos pola plataforma @firma do Ministerio das Administracións Públicas, entre eles Camerfirma, Banesto, ANF e demais. Polo tanto a moción ó único que esquece e non fai referencia é o que a min me parece, non suficientemente importante, senón definitivo en relación co proposto e do que nos temos que congratular todos, que este Concello ten un plan de modernización administrativa que engloba os anos 2007 e 2008, foi aprobado polo Ministerio de Administracións Públicas dentro das solicitudes da plataforma eModel 2007 e polo tanto o proposto na súa moción xa está recollido neste plan de modernización ó que me refería anteriormente.

En concreto no apartado terceiro fálase de servizos a prestar ó cidadán e especificase "carpeta personalizada onde un cidadán poderá consultar vía Internet todo o que o Concello ten sobre el e á vez poderá realizar ou iniciar calquera xestión personalizada co Concello". En concreto, en canto ós sistemas desa xestión cidadá, fala da páxina web de servizos. Isto é todo o proxecto que engloba o ano 2007 e 2008 e o que marca é que dende á nosa páxina web en canto ós servizos se poderá facer o pagamento de impostos periódicos, autoliquidacións e demais, e como sistema de identificación do cidadán, no apartado 6.6.2, especifica o uso de sinatura dixital mediante certificados emitidos por unha entidade certificadora recoñecida.

Polo tanto entendemos que o contido da moción está englobado neste plan de modernización, modestamente entendemos que non procede formalizar ningún convenio co Ministerio de Administracións Públicas porque o mellor convenio é esta subvención concibida nun plan que ten un importe total de 490.000 euros e para o que recibimos unha subvención de 216.000 euros e polo tanto xa neste plan está incluído e será efectivo no ano 2008.

Co obxecto de que esta moción non quede nun "non" porque xa se está realizando, propoñémoslle un texto alternativo no que realmente se recolla o relativo ó plan de modernización ó que me referín anteriormente: "Desenvolver o plan de

modernización administrativo do Concello de Vigo, fase I, que conta coa subvención do Ministerio de Administracións Públicas, mellorando as formas de acceso dos cidadáns á "Carpeta do cidadán" e potenciando a plataforma @firma en canto á implantación da sinatura electrónica", o que significaría a pretensión final.

Polo tanto consideramos que este texto axústase máis ó que se ven realizando e ó que hoxe está aprobado oficialmente e sería o xeito de acordar e recoñecer algo no que evidentemente este Concello, como se recoñece na moción e como acaba de dicir vostede, está a ser punteiro no Estado Español.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coido que primeiro terei que explicar o que estamos a solicitar porque non é o DNI electrónico nin nada que se lle pareza xa que iso é referente a outro tipo de acceso.

O que estamos a solicitar é a sinatura electrónica e para poder facelo hai que entender que é. A sinatura electrónica é cando o asinante cifra e codifica o documento. Para poder codificar este documento hai que dar unha clave privada que efectivamente proporciona o Concello, pero tamén hai unha cousa ben clara que nos falta e que outros concellos teñen, como poden ser o de Málaga, Granada ou Oviedo, que é a sinatura recoñecida a través da "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre" da Casa da Moeda, cousa que nós non temos porque, como vostede dixo perfectamente, certifícanos esa sinatura entidades de carácter privado, como pode ser Banesto.

O que necesitamos é que sexa unha entidade de carácter público como pode ser a Fábrica Nacional da Moeda para que realmente poida certificar esa situación.

Custa 72.000 euros e esa cantidade é a que realmente neste intre se está pagando por esta concreción coa Fábrica da Moeda e por iso esa situación pode ser demasiado onerosa para este Concello. Outros Concellos plasmaron distintos acordos coa Fábrica da Moeda e esas cantidades foron rebaixadas de xeito substancial.

Coido que é pouco ousado non querer mellorar esta cidade con novos convenios con distintas entidades de carácter público, entre elas a Fábrica da Moeda. Outros concellos como pode ser o de Oviedo que é bastante similar ó noso, está facéndoo xa dende hai tempo, por iso consideramos que é necesario que o noso Concello teña este sistema coma outros da mesma situación económica.

Tamén é certo que vostede indicaba que, por certo gracias a nós aínda que lles pese, ten aberta unha carpeta do cidadán onde poden facer varias operacións que xa indiquei anteriormente e non quero volver relacionar, pero este Grupo Popular coida que hai moitas cousas que poden mellorar a situación. Tan só hai que ver as fileiras interminables que hai de persoas que veñen pedir determinada información ás que se lle podería trasladar a través da nosa páxina web.

Tamén falo dunha subvención que tamén lle teño que dicir que foi solicitada por nós ó Ministerio de Administracións Públicas e concedida no mes de agosto e si ten esa cantidade, pero hai que solicitar outras, como pode ser ó Ministerio de Industria, para poder ter maiores subvención e acadar maiores cantidades de cartos para poder dotar a este Concello de melloras dentro da propia administración e ó mesmo poder conseguir que o cidadán estea totalmente informado e telematizado para que non se teña que desprazar ó Concello e sufrir esas continuas fileiras que ten que padecer.

Coido que con iso déixolle bastante claro que considero que se teña que solicitar e realizar un convenio para a implantación desta sinatura electrónica posto que de non ser así, as cantidades onerosas que se poden producir a causa da implantación da sinatura electrónica neste Concello, si que podería suceder que fosen excesivas e non se puidera acometer.

Se asinamos convenios coa administración como están a facer os concellos de Granada, Málaga, Oviedo ou outros, si que se podería facer sen necesidade de que as arcas deste Concello sufrisen ningún tipo de diminución.

SR. LÓPEZ FONT: Nesta sucesión da primeira e a segunda exposición case sempre se lles mira a intención das mocións que presentan e en ocasións xa se dubida se o que se pretende é aplicar algo ou facer o discurso do que se fixo, quen o fixo e por que o fixo.

Eu non vou entrar en cando se solicitou esta subvención, se o fixeron vostedes ou fomos nós. No que si entro en que este Concello ten unha páxina web punteira no estado español; ten un plan de modernización administrativa que posiblemente levará ós convenios que di vostede ou máis. O que si está claro é que non se sabe o que pretenden con esta moción porque mestura o tema das fileiras e a posibilidade de utilización por parte dos cidadáns.

O cidadán que está na fileira para conseguir un certificado, se tivera coñecemento ou téndoo quixera realizalo vía internet non tería que estar nesa fileira pero estará vostede de acordo comigo en que tanto vostede coma eu debemos respectar a libre elección de cada un dos cidadáns.

Coido que se esqueceu de cal é o texto que formulan na moción, queren chegar á implantación da sinatura electrónica e isto se consegue no Ministerio de Administracións Pública, como vostede dixo, na plataforma @firma que é unha plataforma de validación de sinatura electrónica, textual. Co plan de modernización que nós presentamos este Concello leva a esta validación e dálle moita importancia ó DNI electrónico como peza fundamental neste proxecto de modernización de administración local que se chama eModel.

O que non vale é falar aquí do Ministerio de Administracións Públicas, esquecerse de cales son as plataformas e os sistemas que teñen e que este Concello os estea cumprindo. En todo caso hai un plan de modernización 2007/2008 que hai que desenvolver e que ten a finalidade da implantación da sinatura electrónica.

Insisto e lémbrolle o texto da súa moción que é solicitar ó Ministerio de Administracións Públicas un convenio para implantación da sinatura electrónica e por moito que trate de me enlevar quero ir ó principio e dicirlle que temos a subvención, esa finalidade está neste plan de modernización e unha vez finalizado conseguirase.

Se o que pretende o Partido Popular é trasladar á cidadanía que se preocupan pola sinatura electrónica, coido que o obxectivo está cumprido, o texto axústase ó que realmente se está a facer e non se mencionan cuestións que non son necesarias, polo tanto tamén pola banda do goberno estaría cumprido o lexítimo desexo de trasladar ós cidadáns que hai en marcha un plan que vai permitir na súa totalidade a sinatura electrónica.

Solicito que accedan a este texto alternativo que presentamos e en caso contrario, entendendo que o plan está sendo realizado e a satisfacción, como crin entenderlle no primeiro momento, votaríamos en contra da moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non tento enlealo nin moito menos, o que coido é que non ten bastante coñecemento do que estamos a falar e por conseguinte se centra vostede só no que ten escrito. O que está claro é que realmente temos un plan que

está subvencionado gracias ás nosas solicitudes e teño que o dicir porque é así. Para que vostede poida ter esas cantidades de cartos para facer os distintos planes é necesario seguir asinando convenios para que se poidan seguir sufragando as actuacións pertinentes.

Como pode vostede ver a sinatura electrónica non ven totalmente detallada nese plan; o que veñen son apartados correspondentes a determinados aspectos. Non ven a sinatura electrónica para facer determinados aspectos como pode ser a solicitude da licenza urbanística, así que non nos imos cinguir só a ese apartado senón que hai moitos máis nos que é necesario que a cidadanía teña esa sinatura electrónica e non centrámonos no DNI.

Por iso non é que lle comunique á cidadanía que nos preocupamos pola sinatura electrónica. Estámonos preocupando de que teñan os medios necesarios para non ter que facer esa fileira que podo garantirlle que eu baixei en moitas ocasións a falar con determinadas persoas desa fileira e a súa decisión non era estar alí, preferían estar facendo outras xestións.

Así que reitero totalmente o sentido da miña moción de solicitar ó Ministerio de Administracións Públicas e á Consellería de Innovación o financiamento necesario a través dun convenio para a implantación da sinatura electrónica.

A PRESIDENCIA: Entendo por tanto que non se acepta por parte do Partido Popular o texto alternativo. Procedemos a votar a moción tal como foi formulada polo Grupo Popular.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, solicitando ó Ministerio de Administracións Públicas e á Consellería de Innovación o financiamento necesario a través dun convenio para a implantación da sinatura electrónica.

22.- (83).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA ÓS ATRASOS NA TRAMITACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE IDONEIDADE NOS TRÁMITES DE ADOPCIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Todos sabemos que os procesos de adopción son longos e laboriosos, e as administracións deben ser rigorosas á hora de garantir as mellores condicións tanto para o menor que se adopta como para os pais que toman esa decisión tan importante e á vez delicada de ter ese fillo ou filla.

O primeiro paso a dar polas familias é a apertura de expediente para que con toda a documentación pertinente se emita ó certificado de idoneidade por parte da Xunta de Galicia, que é a certificación que acredita que os futuros pais son aptos para adoptar un menor, documento imprescindible para continuar os trámites de adopción.

Un certificado que a lei estipula que debe ser emitido nun prazo máximo de 6 meses, un prazo que non se está a cumprir pola Xunta de Galicia e en concreto por Vicepresidencia que en moitos casos na nosa cidade superan o ano dende que se solicita a idoneidade ata que finalmente emite esta certificación.

Esta non é a primeira vez que o Partido Popular de Vigo denuncia esta situación, de feito presentamos unha moción no ano 2006 onde se propoñían algunhas medidas en positivo para solventar esta situación pero a verdade é que tanto o PSOE como o BNG votaron en contra esgrimindo que dende o Goberno de Galicia xa se tiñan reforzado equipos e polo tanto en breve solucionaríanse estes atrasos.

Logo de pasados tres anos, durante os que o Goberno Galego anunciou numerosas iniciativas, convenios e parches, que chegaron moi tarde e que non resolveron a situación, non foi quen de conseguir cumprir coa legalidade e os prazos e, o que é mais grave, de xogar coas expectativas das familias e dos nenos á espera do afecto duns novos pais.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno de Galicia que tome as medidas oportunas e estables para eliminar os atrasos na tramitación de certificados de idoneidade”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 24 de marzo, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente o Partido Popular presentou unha moción no ano 2006 a pesar de que nese momento eles eran os que estaban gobernando no Concello de Vigo. Xa daquela por parte do BNG se dixera que pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia se estaban poñendo os medios oportunos para mellorar esta situación posto que se duplicaran en toda Galicia os equipos que se adicaban ás adopción, tanto ás internacionais como ás nacionais, o que pasa é que tamén se multiplicaron por tres o número de peticións de adopcións.

Neste sentido Vicepresidencia segue apostando por mellorar e por reducir esa espera que nestes momentos está en seis meses e digo seis porque realmente non se conta dende que se inicia o trámite, senón dende que hai unha certificación de que ese trámite se ten iniciado. De feito se fixo un convenio co Colexio de Psicólogos para traballar naqueles casos en que vai tardar máis de seis meses o certificado de idoneidade.

Repito que a situación se está tentando mellorar, que nestes momentos se están poñendo máis medidas, por exemplo unha delas é que se vai propoñer que haxa un rexistro único; segundo un informe que hai da Xunta de Galicia en moi poucos casos se supera o ano na tramitación da idoneidade.

Imos apoiar esta moción porque todo o que sexa instar a que as cousas melloren e que se faciliten coidamos que é positivo.

SRA. IGLESIAS BUENO: Dáme mágoa o modo á lixeira que se toma vostede os problemas dos cidadáns e das cidadás; tamén me dá mágoa o pouco informada que está sobre este asunto. Preocúpame moito que vostede, a responsable dos servizos sociais desta cidade, non vele polos intereses dos vigueses e viguesas perante outras administracións e que no canto de representar e defender a eses

ciudadáns defenda outra volta á Xunta de Galicia e por riba sen argumentos.

Tamén me sorprende moito o silencio clamoroso do PSOE ante un tema tan sensible coma este. Este non é un problema o suficientemente importante para que tomen partido e afecta máis ou menos a trescentas familias na nosa cidade? Xa non se pronunciaron ó respecto no ano 2006, que non sei se o lembra pero xa gobernaban vostedes na Xunta de Galicia, nós gobernabamos no Concello de Vigo cando fixemos esta moción. Gustaríame que o PSOE tamén se situase neste tipo de problemas.

Algunha cousa cambiou dende o ano 2006 e por iso esta vez custoume máis facer a moción que a outra vez. Voulle lembrar as súas propias palabras no Pleno de 2006, dixo que eu tiña todos eses datos de lista de espera porque "...a Xunta de Galicia ten unha política de transparencia e dá a coñecer as listas de espera, non só a Vicepresidencia senón que tamén en xeral" e tamén falou das listas de sanidade, cousa da que teríamos que falar longamente.

Pois esta vez non, agora os funcionarios da Xunta de Galicia están obrigados e con instrucións claras de non dar ningún tipo de información sobre listas de espera de adopcións nin dos certificados de idoneidade.

Os datos dos que dispoño son o resultado de moitas conversas con asociacións, con padres que esperan e tamén desesperan por ese primeiro paso para acadar esa desexada adopción. Os datos son demoledores, a realidade é que ese límite legal dos seis meses excédese con fartura, hai parellas que neste intre exceden do ano, a realidade é que os mecanismos que se puxeron en marcha foron un fracaso do que vostede non se deu de conta. Fálame de que puxeron en marcha un convenio co Colexio de psicólogos e de traballadores sociais e a estas alturas tería que saber que ese convenio non funcionou e non só por parte do Colexio, senón que tamén por parte da Xunta de Galicia se puxeron moitas trabas e limitacións.

Por certo, no ano 2007 non aumentou o número de solicitudes, senón que diminuíu un 15%, díxoo aproximadamente hai un mesa Secretaría Xeral do Benestar no Parlamento de Galicia. Non aumentan as solicitudes e aumenta o tempo de espera, iso é para nota.

Pois agora resulta que todos os expedientes que se realizaron con ese convenio que se asinou segundo a Xunta de Galicia están mal feitos e hai que volver facelos co que esas familias que levan un ano esperando pola realización deses

expedientes, agora van ser dous anos. Isto non ten cualificación, nun país avanzado coma o noso non se poden consentir este tipo de actuacións, este tipo de xestión ó meu xuízo nefasto e non se pode entender como unha familia tarda case un ano para a primeira xestión e nalgúns casos chegue ós dous anos, unicamente por fallos da administración e en concreto da Consellería de Vicepresidencia.

Por outra banda que vostede me volva dicir o mesmo que hai dous anos de se había máis ou menos, o caso é que cando nós deixamos o goberno estabamos cumprindo o límite legal, esa é a realidade.

O único que lle pido con esta moción é que o Goberno da Xunta tome decisións reais. Xa pasaron tres anos e agora non lle poden botar a culpa dun xeito demagórico ó goberno anterior, agora xa tiveron tempo de demostrar que son quen de resolver os problemas da xente e se non o fan son os últimos responsables.

Na anterior moción propoñíalle varias solucións que xa están funcionando noutras comunidades e que vostedes votaron en contra. Nesta nova moción lémbrolla por se as queren poñer en marcha pero como ve o acordo é bastante máis sinxelo, só pedimos un compromiso de querer solventar esta situación, do xeito que estimen oportuna pero que o fagan xa.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Está claro que vostede é moi pouco flexible e pouco plástica. Traía unha resposta perfecta para que cando nós dixéramos que íamos votar en contra, atacar nese sentido. Como é ademais normal dentro do Partido Popular foi vostede tan pouco flexible que non foi quen de adaptar a resposta á miña intervención. Son tan pouco flexibles, son tan malos perdedores e están tan acostumbrados a ter un discurso tan ríxido, que non son quen de se adaptar a unha realidade que eu lle acabo de recoñecer.

Esta é a administración local e vostedes que gobernaron deberían sabelo, isto non é a Xunta de Galicia e os expedientes de adopción están levándoos a Xunta. Vostedes non son quen porque vólvolle lembrar que estiveron dezaseis anos no goberno da Xunta e as listas de adopción estaban xa disparadas sen ter en conta que no ano 2005 e 2006 foi cando máis expedientes de adopción houbo, de feito somos a segunda comunidade en adopción de todo o Estado.

Ese crecemento exponencial na petición de adopción foi o que fixo que dalgún xeito

se desbordasen as previsións e que a Xunta de Galicia duplicara os equipos. Estamos a dicirlle que lle imos votar a favor, que cremos que isto se debe mellorar; pero é que ademais cremos que si se vai mellorar.

Si hai transparencia, nestes momentos hai sesenta persoas en lista de espera polos certificados de idoneidade para as adopcións internacionais e dezaseis para adopcións nacionais. Somos a primeira comunidade en acollemento de menores do propio país a nivel de todo o Estado.

Lémbrolle que si se está a traballar, que nós tamén instamos á Xunta de Galicia que as cousas se melloren. Como pode ver non temos nada en contra para lle votar a favor, non viña a conto ese discurso que acaba de lanzar.

SR. LÓPEZ FONT: Sorpréndeme a intervención da Sra. Iglesias pero por outra banda tamén teño que dicir que está na liña do que dicía anteriormente da estrutura das mocións que presentan. Xa nin saben o que presentan, queren que este Pleno adopte un acordo que afecta a outra administración e o único que lles preocupa é facer a crítica.

A próxima vez presénteno distinto, presenten sobre o mesmo tema unha moción criticando a xestión da Xunta e nesa votaremos o que sexa. Nesta en concreto é instar ó goberno da Xunta a que se tomen as medidas oportunas, a ver se len os textos das súas mocións.

Polo tanto Sra. Iglesias, non utilice ó Partido Socialista nin o que dixo este partido porque cando vostede presentou esta moción nós, igual que BNG, estabamos de acordo con ela polo tanto non fale de "silencio clamoroso".

Voulle dicir unha cousa en clave persoal dado que vostede se adica a criticar ás administracións. Non coñezo os datos de xestión en canto a adopcións pero eu persoalmente solicitei unha adopción en agosto de 1996, non me respondeu o goberno do Partido Popular, fíxese os anos que pasaron e é unha tónica xeral en canto á tramitación de adopcións; recibín contestación do actual goberno que lla pode ensinar.

Parece mentira que coa situación administrativa na que estaba o anterior goberno galego neste tema que agora o queiran solucionar en catro días. O Partido Socialista está preocupado polas familias que teñen solicitudes de adopción e polo tanto non intervimos porque estabamos de acordo.

SRA. IGLESIAS BUENO: Ademais de pedir permiso de como imos a presentar mocións na exposición e na réplica, agora tamén imos ter que pedir que nos revisen a redacción para que vaian do seu gusto. A primeira parte é unha exposición da moción, a segunda parte é unha réplica onde eu podo expoñer con máis datos o que estou a dicir, sinxelamente iso.

En canto á flexibilidade, eu son moi flexible en moitas cousas pero coido que nestes temas non hai flexibilidade posible, hai que tratar as cousas con moito rigor e moita seriedade en canto a afectan a persoas e a nenos.

Para rematar só quería agradecer o apoio dos dous grupos e que esta unanimidade sirva para que neste ano que lle queda á Xunta de Galicia de verdade poidan resolver este problema que en tres anos non souberon.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando ó Goberno de Galicia que tome as medidas oportunas e estables para eliminar os atrasos na tramitación de certificados de idoneidade.

23- (84).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA SRA. LARRIBA LEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, RELATIVA Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS INFANTÍS.

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Temos falado moito neste Pleno da conciliación da vida laboral e familiar e tamén da mellora da calidade de vida dos cidadáns de Vigo. Falamos de poñer á disposición dos cidadáns escolas infantís que permitan compatibilizar a súa xornada de traballo co coidado e a atención dos seus

nenos debería ser unha das máis importantes cuestións neste Pleno.

Para o Grupo Popular esta foi sempre unha cuestión esencial e demóstrao o feito de que durante o seu goberno, como xa dixen noutra ocasión, se duplicaron as escolas infantís públicas que había ata o momento e se propuxeron catro novas.

No Pleno ordinario do pasado mes de novembro presentamos unha moción instando ó goberno local á apertura con urxencia da escola infantil na rúa Palencia no Calvario, escola posta en marcha mediante o convenio asinado por dona Corina Porro coa Xunta de Galicia no ano 2005 e que o goberno local comprometeuse a abrir segundo me dixeran a 31 de decembro e aínda está pechada ó público.

Por outra banda o pasado mes de setembro os responsables da Secretaría de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia anunciaron ós medios de comunicación o inicio a comezos de 2008 da construción de novas escolas infantís para a cidade, cousa que aínda non se produciu.

Estes mesmos responsables anunciaron en outubro a demora do inicio da actividade na escola da rúa Palencia ata o primeiro trimestre do ano 2008, trimestre que xa rematou tamén. Nas informacións que se verquen na prensa nos últimos días anúnciase que non empezará a actividade ata o curso que ven.

Alarmados polo atraso na implementación destas infraestruturas preguntamos ó Goberno cando está prevista a apertura da escola infantil da rúa Palencia? Qué previsión ten o goberno de abrir novas escolas infantís ademais da anunciada do Parque Tecnolóxico no 2009, aínda que esta foi unha decisión acordada por unanimidade no Pleno do 27 de decembro de 2004 a proposta do BNG e urxida posteriormente polo PSOE en xullo de 2006.

A máis dista do Parque Tecnolóxico queríamos saber cales son as novas escolas infantís que se van poñer en marcha.

A PRESIDENCIA: Terá a oportuna resposta por escrito nos prazos establecidos.

* ROGO DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Ó ESTUDO E PLANIFICACIÓN DO FUTURO PORTUARIO.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Un rogo moi breve e quero realizalo no Pleno, no nome do Bloque Nacionalista Galego, porque é un tema que afecta ás tres formacións políticas que configuramos esta Corporación Municipal. Estes días ten saído nos medios de comunicación, realizouse ademais un Consello de Administración da Autoridade Portuaria, onde se puxo enriba da mesa un estudo e unha planificación do futuro portuario da nosa cidade.

Dende o BNG nos parece que este é un tema absolutamente vital para o desenvolvemento da nosa cidade e tamén para o desenvolvemento e preservación dun dos nosos maiores tesouros que é a nosa ría.

Independentemente das distintas posturas que as formacións políticas podemos ter sobre este tema e que xa vimos manifestando ó longo da historia, como se viña recollendo nas últimas manifestacións do Sr. Alcalde que quería abandeirar un consenso neste tema, o rogo é que cando teña enriba da mesa toda a información relativa a este estudo que esperamos ter no máis breve prazo posible, se convoque por parte dos técnicos ós tres grupos políticos e que estes temas os discutamos e os levemos adiante precisamente como Corporación Municipal que coido que será o máis importante para este tema tan fundamental para o desenvolvemento e futuro da nosa cidade e para a preservación da nosa ría.

A PRESIDENCIA: Por lles dar información, o Alcalde tivo coñecemento das propostas do Porto no último Consello no que se fixo unha información oral relativamente detallada, non absolutamente exhaustiva, das propostas que logo foron aparecendo na prensa. Esta exposición por parte dos técnicos da empresa contratada polo Porto durou aproximadamente media hora, tomamos coñecemento daquela primeira información e o Porto comprometeuse a facer chegar en pouco tempo toda a información técnica detallada e todo o relativo á proposta que as dúas empresas ás que se lles encargou ese estudo elaboraron. Isto foi o xoves pola mañá; o venres, sábado e domingo foron festivos e aínda non chegaron eses CD e toda a documentación coa información.

A partir daí efectivamente teño a opinión de que isto debe ser un proceso de consenso na cidade, político, social, administrativo, sindical e cidadán pola importancia do Porto e en consecuencia unha vez que coñezamos a información dialogaremos os tres grupos e se é posible adoptar unha posición conxunta mesmo

na metodoloxía, coido que sería unha magnífica cuestión.

Polo tanto esperemos a recibir a información e a partir de aí, se lles parece ós grupos, manteremos os contactos para ver se somos quen de consensuar unha metodoloxía de discusión, de debate e de tratamento desta información.

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, RELATIVA A GASTOS POR ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN OFICIAL A BANGKOK CON MOTIVO DA UNIVERSIADA.

SRA. MOLARES PÉREZ: Rogo nos explique o Tenente de alcalde como quedando un remanente de saldo a 16 de xuño na área de Turismo 7510, de 20.000 euros se puideron tramitar, entre outros, o 1 de agosto un expediente por un importe de 48.800, asinado polo propio Santiago Domínguez Olveira como concelleiro de Turismo, Comercio e Industria, no que se dá unha orde de servizo para inicio do expediente administrativo conducente á "asistencia dunha delegación oficial composta por sete persoas vinculadas ó deporte, ó turismo e á Universidade de Vigo á Universiada 2007 que terá lugar na cidade tailandesa de Bangkok entre os días 8 e 18 de agosto".

Isto vai á Xunta de Goberno Local que previo informe preceptivo de fiscalización da Intervención Xeral adopta o seguinte acordo: primeiro, aprobar esta asistencia da delegación oficial composta por sete persoas en agosto a Bangkok, e segundo autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2007 que se derivan da participación da delegación oficial de Vigo na Universiada 2007. Atencións protocolarias e representativas da delegación oficial de Vigo composta por sete persoas a Bangkok para asistencia coma observadores á Universiada 2007 con cargo á partida 7510.226.0100 do presuposto prorrogado ano 2007, 48.800 euros.

Non fai falla ser economista como somos o Alcalde e máis eu, así como outros membros da Corporación, para saber que 48.800 euros duplican os 20.000 euros que había de remanente e que na modificación de crédito de 30 de xullo aprobada neste Pleno, non aparece ningunha partida da área 7510 con ningunha cantidade referente ó concepto 22601 que son gastos de protocolo e representación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando eu dixen "20.000 euros arriba ou abaixo", díxeno con toda claridade e era así. Vostede sabe mellor ca min, porque debe coñecer todos os trámites administrativos e dun orzamento, que hai bolsas de vinculación dentro dun orzamento que se poden utilizar, que poden estar comprometidas noutra serie de cuestións e que loxicamente se poden cambiar para utilizar pero o saldo de gasto claro e dispoñible era deses 20.000 euros arriba ou abaixo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2008. Consta de 44 folios da serie A numerados do 2141355 ao 2141398, e números do 248 ao 291. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2008.

Vigo, a 26 de maio de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda